

Temario de profesores

Aula da Seguridade Social



Índice

Índice.....	2
0 Conceptos xerais. Principios e directrices da Seguridade Social	8
0.1 Principios e directrices do sistema da Seguridade Social	8
1 O Sistema Español de Seguridade Social	12
1.1 Antecedentes e modelo actual do Sistema Español de Seguridade Social	13
1.2 Etapa de definición prestacional e institucional (1900-1962).....	13
1.3 Etapa de configuración normativa (1962-1978).....	14
1.4 Etapa do Estado do Benestar (1978 ata os nosos días)	15
1.5 Organización xestora da Seguridade Social.....	17
2 O modelo actual de Seguridade Social. Nivel básico de protección - Nivel contributivo ou profesional - Nivel complementario de protección	20
2.1 O modelo actual de Seguridade Social.....	20
2.2 Nivel básico de protección	22
2.2.1 Carácteres.....	22
2.2.2 Prestacións sanitarias. Contido	24
2.2.3 Pensións non contributivas	24
2.2.4 Subsidio especial por maternidade.....	27
2.2.5 Protección familiar.....	27
2.2.6 Nivel asistencial da protección por desemprego	28
2.2.7 Servizos Sociais.....	28
2.3 Nivel contributivo ou profesional	28
2.4 Nivel complementario	29
3 Acción protectora e réxime xurídico das prestacións	30
3.1 Concepto, clases e carácteres das prestacións	30
3.2 Cadro da acción protectora	31
3.2.1 Prestacións sanitarias	32
3.2.2 Incapacidade temporal.....	32
3.2.3 Risco durante o embarazo.....	33
3.2.4 Risco durante a lactación natural.....	34
3.2.5 Maternidade	34
3.2.6 Paternidade.....	35
3.2.7 Coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade	36
3.2.8 Prestacións por incapacidade permanente	37
3.2.9 Lesións permanentes non invalidantes	38

3.2.10	Xubilación.....	38
3.2.11	Prestacións de morte e supervivencia.....	40
3.2.12	Prestacións familiares.....	41
3.2.13	Pensións extraordinarias motivadas por actos de terrorismo.....	42
3.2.14	Prestacións por desemprego.....	43
3.3	Revalorización, límite máximo e complementos por mínimos.....	44
4	Relación xurídica coa Seguridade Social. Campo de aplicación. Afiliación, inscrición, altas, baixas, réximes.	46
4.1	A relación xurídica da Seguridade Social.....	47
4.2	Campo de aplicación.....	47
4.2.1	Supostos especiais.....	49
4.3	Afiliación.....	50
4.3.1	Formas de realizar a afiliación.....	50
4.3.2	Lugar e prazos.....	51
4.3.3	Efectos da afiliación.....	51
4.4	Inscrición de empresas.....	52
4.4.1	Concepto de empresario.....	52
4.4.2	Servizos de inscrición.....	52
4.4.3	Práctica da inscrición. Variacións posteriores.....	52
4.4.4	A cobertura das continxencias de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais.....	53
4.5	Altas e Baixas.....	53
4.5.1	Concepto e características.....	53
4.5.2	Clases de alta.....	54
4.5.3	Forma de promover altas e baixas.....	54
4.5.4	Solicitudes de alta e baixa. Lugar e prazo.....	55
4.5.5	Efectos das altas.....	55
4.5.6	Efectos das baixas.....	56
4.6	Réximes.....	56
4.6.1	Réxime xeral.....	56
4.6.2	Réximes especiais.....	57
5	Financiamento. O orzamento da Seguridade Social	59
5.1	Financiamento.....	59
5.1.1	Fontes.....	59
5.1.2	Sistema de financiamento.....	61
5.2	O orzamento da Seguridade Social.....	63
5.2.1	Introdución.....	63

5.2.2	Elaboración do orzamento	64
5.2.3	Contido	64
5.2.4	O orzamento da Seguridade Social 2012	65
6	Cotización	66
6.1	Introdución	66
6.2	Cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social	67
6.2.1	Suxeitos e conceptos da cotización	67
6.2.2	Bases de cotización	69
6.2.3	Deducións das cotas	71
6.2.4	Período de liquidación e ingreso das cotas	72
6.2.5	Situacións e supostos especiais de cotización	72
6.3	Integración dos Réximes Especiais de Empregados de Fogar e de Traballadores Agrarios por conta allea dentro do Réxime Xeral da Seguridade Social	73
6.3.1	Sistema Especial para Empregados de Fogar	73
6.3.2	Sistema Especial de Traballadores por conta allea Agrarios	73
6.4	Cotización nos Réximes Especiais da Seguridade Social	74
6.4.1	Réxime Especial dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos (RETA)	74
6.4.2	Réxime Especial do Mar	75
7	Servizos e medios para relacionarse coa administración da Seguridade Social	77
7.1	Catálogo de servizos	77
7.1.1	Servizos específicos da Tesourería Xeral da Seguridade Social	78
7.1.2	Servizos específicos do Instituto Nacional da Seguridade Social	79
7.1.3	Servizos específicos do Instituto Social da Mariña	79
7.2	Medios de relación co cidadán	83
7.2.1	Atención telemática	83
7.2.2	Atención telefónica	88
7.2.3	Atención presencial	89
7.3	O factor humano	92
7.4	A calidade nos servizos	93
7.5	A participación dos cidadáns na mellora dos servizos	93
7.6	Medidas que aseguran a igualdade de xénero, facilitar o acceso e mellorar as condicións da prestación do servizo da Seguridade Social	94

En marzo de 2007, tivo lugar a sinatura dun protocolo xeral de colaboración entre os entón Ministerios de Educación e Ciencia e Traballo e Asuntos Sociais, para a educación en materias do Sistema da Seguridade Social, co obxectivo común de fomentar entre a cidadanía a partir da educación nos seus distintos niveis, o coñecemento do noso sistema público de Seguridade Social, entendido como un dos piares do modelo de protección social en España e do estado de benestar.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece entre os principios que deben inspirar o noso sistema educativo, a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, o exercicio democrático, a solidariedade e a observación do ambiente social e das necesidades, ocupacións e servizos da vida en comunidade.

Esta tarefa de aprendizaxe que se desenvolve dende a educación infantil e que se concreta a través dos currículos escolares, debe complementarse coa posta en práctica nos centros escolares de actividades que permitan mellorar o coñecemento que os menores e mozos teñen sobre os valores en que se fundamenta a sociedade democrática, as normas e principios de convivencia establecidos na Constitución, a valoración dos servizos públicos así como as obrigas das Administracións Públicas e dos cidadáns no seu mantemento, tal como é o caso do Sistema público da Seguridade Social, entendido como un dos piares para garantir o benestar presente e futuro dos individuos e as familias.

A escola, polo dilatado período que na vida dos mozos supón a súa formación, constitúe o lugar idóneo para que reciban, nunha idade decisiva para establecer os conceptos e patróns de comportamento, incluíndo a adquisición de coñecementos sobre a vasta e complexa trama de dereitos e obrigas que se conteñen no noso sistema de Seguridade Social e sobre a responsabilidade social que esixe o adecuado uso dos mecanismos de protección social establecidos ante determinadas continxencias ou situacións de necesidade.

Por outra parte a educación transcende o ámbito das Administracións Públicas e dos compoñentes da Comunidade escolar, afectando ao conxunto da sociedade.

Por iso as Administracións Públicas deben posibilitar e alentar a participación das persoas e entidades públicas ou privadas na formación para a cidadanía en xeral en canto favorece o exercicio das liberdades e o respecto aos dereitos de terceiros.

Entre outros fins, o referido instrumento de colaboración, cita:

- **O deseño de estratexias coordinadas** entre as partes afectadas para afondar no coñecemento dos principios democráticos, entendendo que a solidariedade, a igualdade e a proporcionalidade son principios reitores do noso sistema de Seguridade Social.
- **Desenvolver a recomendación Sétima do informe da Comisión non Permanente do Pacto de Toledo**, que considera un elemento relevante, que o cidadán poida acceder á información comprensible e fiable verbo das perspectivas a longo prazo do seu sistema de protección social e en especial das prestacións sociais ás que poida aspirar.
- **Potenciar o coñecemento das opcións en materia de Seguridade Social**, favorecendo o exercicio dos dereitos que os mozos poidan executar ao incorporarse ao mercado de traballo e o cumprimento das súas obrigas.
- **Adecurar o coñecemento de nenos e mozos sobre o noso modelo de protección social** en consecuencia coa evolución que está a experimentar a sociedade española, debido a circunstancias tales como as relativas á integración de persoas con discapacidade e dos cidadáns procedentes doutros países.
- **Promover actividades educativas que permitan mellorar o coñecemento de nenos e mozos sobre os piares do sistema de protección social e a contribución da Seguridade Social á vertebración do estado do benestar.**
- **Impulsar a elaboración e difusión de materiais didácticos** aplicados á educación sobre prestacións da Seguridade Social.
- Coordinar os esforzos das administracións implicadas e comprometer aos centros escolares na incorporación ao seu proxecto educativo e ao currículo escolar dunha **visión integrada do Estado Social e Democrático de Dereito recoñecido pola Constitución Española.**
- **Establecemento de mecanismos de coordinación a través de convenios ou acordos entre as Administracións educativas competentes e as institucións responsables en materia de Seguridade Social.**

Os contidos destes acordos, farán referencia entre outros aspectos, á formación dos equipos directivos escolares no seu papel de impulsores e dinamizadores das iniciativas que neste ámbito se desenvolven nos centros educativos; á celebración de encontros periódicos entre o profesorado e funcionarios da Seguridade Social para o intercambio de coñecementos e experiencias; a favorecer o coñecemento das institucións da Seguridade Social mediante visitas ou xornadas de portas abertas nas instalacións das entidades da Seguridade Social, etc.

- **Impulsar a elaboración e difusión de materiais didácticos dotados de criterios psicopedagóxicos comúns.**
 - Nesta liña de actuación, considérase de capital importancia, a colaboración coas editoriais especializadas na elaboración e produción de publicacións educativas, facilitando a materia e coñecemento básicos para o seu tratamento e integración nos textos escolares, guías do profesorado e material de apoio correspondente.
- **Creación dun portal específico dentro do Portal de Internet da Seguridade Social.**

Os obxectivos que pretenden cumprirse co lanzamento deste portal dirixido especificamente aos segmentos de profesores e alumnos de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, son entre outros, o xerar unha cultura de colaboración na sociedade, educándoa para o cumprimento das súas obrigas e o exercicio do seus dereitos en materia de Seguridade Social, construír unha plataforma informativa e formativa para achegar a Administración da Seguridade Social ao cidadán e en especial á comunidade educativa e impulsar o uso deste tipo de ferramentas entre os mozos, principais usuarios das novas tecnoloxías.

Para impregnar ás actuacións descritas, dun desexable nivel de homoxeneidade, as entidades e institucións da Seguridade Social, elaboraron este documento que proporciona os coñecementos básicos necesarios para que debidamente adecuados e adaptados con criterios de accesibilidade, racionalidade e comprensión por expertos nas distintas aplicacións da ciencia educativa, constitúa o soporte e eixo condutor do proxecto no seu conxunto, sen prexuízo das variables e alternativas que poidan ir presentándose no seu desenvolvemento.

Madrid, 2009

0 Conceptos xerais. Principios e directrices da Seguridade Social

Obxectivos

Con esta sesión, preténdese que os alumnos.

- Compartan os grandes principios que ordenan e orientan o Sistema Español de Seguridade Social.
- Entendan a finalidade e natureza dos dereitos que conforman o noso sistema de Seguridade Social.

Contidos

- Referencias constitucionais e transformación de modelo de Seguridade Social.
- Pacto de Toledo e o Acordo Social sobre o desenvolvemento e tendencias do sistema de Seguridade Social.

Lembremos que...

Os grandes principios que sustentan e orientan a evolución do noso sistema de Seguridade Social son:

- Contributividade: proporcionalidade entre o percibido e o achegado.
- Universalidade: extensión máxima da acción protectora.
- Solidariedade interxeracional: mentres traballamos contribuímos a financiar as pensións actuais.
- Equidade e igualdade de dereitos, con independencia do momento e lugar de residencia do asegurado.
- Suficiencia: garantía e perfeccionamento dos niveis de benestar mediante prestacións adecuadas.
- Unidade de Caixa: o Estado é o único titular de todos os recursos, obrigas e prestacións da Seguridade Social.

0.1 Principios e directrices do sistema da Seguridade Social

De acordo cos principios contidos no art. 41 da Constitución Española, compete ao poder político e aos axentes e interlocutores sociais a responsabilidade de garantir no futuro un sistema público de pensións xusto, equilibrado e solidario.

Ante ese mandato constitucional, o Estado queda comprometido ao establecemento dun sistema de protección de natureza pública e á articulación duns recursos económicos que fagan viable esa protección social de forma suficiente, se ben, a Constitución establece tamén que o nivel complementario da protección social será libre, é dicir, que poderá ser de carácter privado.

Polo tanto, o sistema español de Seguridade Social, para facer realidade o principio constitucional antes indicado, require unha acción protectora de carácter público que garante a todos os cidadáns unha protección suficiente ante situacións de necesidade e uns recursos económicos estables e suficientes para financiar esta acción protectora.

O sistema español de Seguridade Social, ademais de ser universalista, mantén unha protección especial cara aos traballadores ante os riscos que padecen como consecuencia do traballo, entre eles, como di a Constitución, o desemprego.

O modelo de Seguridade Social que imperou no noso país ata épocas recentes organizábase basicamente sobre tres grandes principios: proporcionalidade entre a prestación recoñecida e a contribución económica realizada polos traballadores (contributividade) natureza profesional da protección ligada ao desempeño dunha actividade e a escasa ou nula consideración dos recursos económicos dispoñibles por parte do suxeito protexido.

Estas características que informaban ao noso sistema de Seguridade Social sofren unha importante alteración a partir da aprobación da Lei 26/1990, do 20 de decembro, sobre prestacións non contributivas da Seguridade Social, que introduce un segundo nivel de protección co obxectivo de suplir a carencia de rendas de subsistencia, con independencia da actividade profesional do beneficiario e das súas achegas económicas ao sistema (cotizacións).

Para comprender na súa verdadeira dimensión a transformación dos principios que orientan o noso sistema de Seguridade Social, é necesario referirnos ao Pacto de Toledo, constituído para analizar e detectar os problemas do Sistema de Seguridade Social e para elaborar un catálogo de posibles liñas de actuación. Especialmente facíase fincapé na problemática do financiamento da Seguridade Social e a súa proxección futura para prever as actuacións que deberían adoptarse coa finalidade de evitar o incremento do déficit público, como consecuencia dos maiores pagos de prestacións e en especial das pensións de xubilación.

O resultado destes traballos (Informe do Pacto de Toledo), foi aprobado polo Pleno do Congreso o 6 de abril de 1995.

O obxectivo básico en que se resumen as propostas contidas responde ao seguinte enunciado: "garantir no futuro un sistema público de pensións, xusto, equilibrado e solidario, de acordo cos principios contidos no art. 41 da Constitución Española".

Entre as recomendacións que contén o referido informe, deben destacarse algunhas que afectan aos principios orientadores do sistema español de Seguridade Social, tales como:

- Equidade e carácter contributivo do Sistema, reforzando a vixencia destes principios de maneira que, sen prexuízo do principio de solidariedade e de forma gradual, as prestacións garden unha maior proporcionalidade co esforzo de contribución realizado.
- Reforzamento do principio de solidariedade, na medida que a situación financeira o permita, adoptando medidas ao estilo da elevación da idade máxima de permanencia na percepción das pensións de orfandade ou a mellora das pensións de viuvez no caso de menores ingresos.

En desenvolvemento dunha das recomendacións do Pacto de Toledo, constituíuse unha Comisión non permanente para a valoración dos resultados obtidos en aplicación das recomendacións adoptadas e en base a iso, estudar o seu desenvolvemento futuro, dentro dos criterios de estabilidade, sustentabilidade e igualdade de prestacións para toda España, que permite garantir a continuidade na mellora do nivel de benestar dos pensionistas e con especial atención ás pensións de menor contía.

O 2 de outubro de 2003, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou o informe elaborado pola Comisión non Permanente. Neste informe, aparte de reforzarse as conclusións do Pacto de Toledo de 1995, incorpóranse novas recomendacións que fan referencia ás seguintes cuestións:

- Conveniencia de examinar a situación dos traballadores afectados polas modernas fórmulas de organización do traballo en especial respecto á extensión do traballo a tempo parcial, a incidencia do emprego temporal e as posibilidades de compatibilizar salario e pensión ou subsidio.
- Estudar mecanismos que incorporen os períodos de atención e coidado dos fillos ou persoas dependentes como "elementos a considerar nas carreiras de cotización".
- Configurar un sistema integrado que aborde dende a perspectiva da globalidade, o fenómeno da dependencia.
- Consideración especial das persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.
- Adoptar as medidas necesarias para garantir a incorporación dos cidadáns doutros países ao sistema de protección social con plenitude de dereitos e obrigas.

Debe destacarse tamén pola súa importancia, o Acordo sobre Medidas en materia de Seguridade Social, subscrito o 13 de xullo de 2006, polo Goberno, a Unión Xeral de Traballadores, a Confederación Sindical de Comisións Obreiras, a Confederación Española de Organizacións Empresariais e a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa, que xunto coas prioridades marcadas polo Pacto de Toledo na súa reunión parlamentaria de 2003, dan lugar á Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social, que reafirma a necesidade de manter e reforzar determinados principios básicos nos que se asintan o sistema da Seguridade Social como obxectivo para garantir a eficacia do mesmo e o perfeccionamento dos niveis de benestar do conxunto dos cidadáns.

Así se avanza na plasmación do principio de solidariedade e garantía de suficiencia mediante a paulatina mellora e extensión da intensidade protectora, así como no reforzamento da unidade de caixa. Tamén se intensifica a contributividade do sistema, avanzando nunha maior proporcionalidade entre as cotizacións realizadas e as prestacións obtidas, evitando ao mesmo tempo situacións de falta de equidade no recoñecemento destas últimas. Así mesmo, progrésase no camiño xa iniciado de favorecer a prolongación voluntaria da vida laboral máis alá da idade legal de xubilación, sen esquecer tampouco a necesidade de paliar as consecuencias negativas experimentadas polos traballadores de máis idade expulsados prematuramente do mercado laboral.

Finalmente é de destacar tamén o propósito de modernización do sistema ao abordar as situacións creadas polas novas realidades familiares. Todo iso no contexto das esixencias que se derivan da situación sociodemográfica da que resaltan circunstancias tales como o envellecemento da poboación, a incorporación crecente dos maiores ao mercado de traballo e o fenómeno da inmigración, así como dos criterios armonizadores cara aos que se apunta no ámbito da Unión Europea, co obxectivo de garantir a sustentabilidade financeira do sistema de pensións.

Por outra parte, hai que facer referencia a dous aspectos que se consideran de vital importancia á hora de completar a análise xeral sobre os principios e directrices que sustentan e orientan o noso sistema de Seguridade Social.

O primeiro deles alude á titularidade estatal dos recursos e das obrigas da Seguridade Social en virtude do disposto polo art. 141.1.17ª da Constitución Española que atribúe ao Estado "a lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas Comunidades Autónomas.

Do citado precepto derívase a igualdade de dereitos dos asegurados calquera que sexa o lugar onde residan e pola súa soa condición de tal, posto que tales dereitos, se exercen fronte a un único titular, o Estado, obrigado a aplicar o principio de solidariedade financeira, non discriminando por razón do territorio. Ligado directamente co anterior, no propio art. 149.1.17ª da Constitución Española, recollese de forma implícita o principio de Unidade de Caixa recollido de forma expresa en diversas normas con rango de Lei e que debe interpretarse á luz da doutrina constitucional no sentido da existencia dun único titular (o Estado) de todos os recursos, obrigas e prestacións da Seguridade Social, en todo o territorio nacional, con independencia de que ese titular exclusivo poida utilizar distintos entes recadadores e rexistradores.

O principio de unidade de caixa, debe entenderse como a vontade do Estado de racionalizar no tempo e na totalidade do territorio nacional, a distribución de fondos da Seguridade Social, para facer fronte á totalidade das súas obrigas.

Para concluír é preciso destacar algunhas notas que ilustran e caracterizan a finalidade e vocación natural do sistema Español de Seguridade Social:

- A Seguridade Social debe garantir aos cidadáns a súa protección e a da súa familia ante situacións de vellez, enfermidade, desemprego e outras carencias sociais que no transcurso da vida requiran de axudas.
- A Seguridade Social converteuse nunha actividade imprescindible e nun elemento esencial de cohesión da sociedade.
- A Seguridade Social responde de forma universal e solidaria ao conxunto de necesidades individuais fronte a situacións que deben ser protexidas. Esta solidariedade maniféstase dende un dobre punto de vista:
 - a) **Solidariedade entre xeracións:** o sistema español como sistema de reparto, supón que as xeracións mozas pagan cotizacións para que, con elas, se financien as prestacións dos maiores ou necesitados.
 - b) **Solidariedade entre territorios:** o sistema español parte do concepto de **caixa única**, é dicir, as cotizacións recadadas en todo o territorio nacional serven para financiar as prestacións de todos os españois.
- A Seguridade Social atopa a súa razón de ser na propia inseguridade da vida, mediante a organización dun sistema de protección que responde ás necesidades individuais, familiares e colectivas.
- A Seguridade Social convértese nun dereito fundamental e universal que incorpora a todos os cidadáns ofrecendo protección, independentemente da súa situación persoal e social.
- O sistema español de Seguridade Social debe entenderse no seu contexto histórico como o resultado do progreso da sociedade española e dun proceso de loitas e conquistas sociais.

1 O Sistema Español de Seguridade Social

Obxectivos

Con esta sesión, preténdese que os alumnos:

- Coñezan a evolución e transformación operada no sistema español de Seguridade Social, dende o seu nacemento ata o modelo actual de protección social e consolidación do Estado do Benestar actual.
- Aprendan o modelo organizativo da Seguridade Social e as Entidades responsables de xestionar as súas prestacións e servizos.

Contidos

- Antecedentes e modelo actual do Sistema Español de Seguridade Social.
- Organización xestora da Seguridade Social.

Lembremos que

Podemos distinguir tres etapas na evolución da Seguridade Social en España.

- Etapa de definición prestacional e institucional (1900 - 1962).
- Etapa de configuración normativa (1962 – 1978).
- Etapa de consolidación do sistema de protección social, cara ao Estado do Benestar (dende 1978 ata a actualidade).

A xestión e administración das prestacións e servizos da Seguridade Social está encomendada a entidades estatais, baixo o control e tutela dos órganos superiores da Administración Xeral do Estado.

1.1 Antecedentes e modelo actual do Sistema Español de Seguridade Social

En todos os países, a Seguridade Social é unha consecuencia da evolución da sociedade e está condicionada tanto polas demandas que o conxunto social aspira a satisfacer, como polas potencialidades do ambiente económico en que aquela se desenvolve.

A formación e evolución da Seguridade Social en España, ata chegar ao modelo actual, caracterízase pola existencia dunha serie de etapas cuxa delimitación temporal pode realizarse de acordo coas sucesivas medidas políticas, xurídicas e organizativas que foron conformando a protección social en sentido amplo.

A grandes trazos, a evolución da Seguridade Social española vén marcada por tres etapas fundamentais:

- Etapa de definición prestacional e institucional (1900-1962).
- Etapa de configuración normativa (1962-1978).
- Etapa de consolidación do sistema de protección social como manifestación do Estado do Benestar (dende 1978 ata os nosos días).

1.2 Etapa de definición prestacional e institucional (1900-1962)

Esta etapa caracterízase polo nacemento e xeneralización dos seguros sociais que, nos seus inicios, foron o resultado dos mecanismos e instrumentos de protección que fora a desenvolver o movemento obreiro de forma mutualista e pola elaboración e creación das normas e institucións que estendían ao conxunto dos traballadores as prestacións que, ata eses momentos, recoñecíanse só aos traballadores sindicados, de forma allea á actuación do Estado. Nesta fase poden destacarse os seguintes fitos:

Promulgación da Lei de Accidentes de Traballo

O desenvolvemento industrial e a crecente mecanización dos procesos produtivos provocaron un importante aumento dos accidentes de traballo, con total desamparo para os traballadores e as súas familias.

A citada lei, aprobada o 30 de xaneiro de 1900, define o accidente de traballo como “toda lesión corporal que o operario sofre con ocasión ou por consecuencia do traballo que execute por conta allea”.

Declárase, por primeira vez, a responsabilidade directa e obxectiva das empresas nos accidentes sufridos polos seus traballadores e foméntase a institución do seguro, pero a súa obrigatoriedade por parte do empresario e con carácter xeral non aparece ata 1932.

Creación do Instituto Nacional de Previsión (INP)

En 1908 créase o Instituto Nacional de Previsión, cuxa realización máis destacable sería a posta en práctica dun réxime de liberdade subsidiada, que pretendía atopar o equilibrio entre a liberdade de concertar un seguro por parte dos asegurados e a responsabilidade de cobertura dos riscos por parte do Estado.

A aparición do Retiro Obreiro Obrigatorio

En 1919 créase o Retiro Obreiro Obrigatorio, xestionado polo INP e destinado a asalariados entre 16 e 65 anos cuxa retribución non superara un certo límite. Este seguro protexía a vellez por considerala unha invalidez por razóns de idade.

O financiamento era mixto, con participación das empresas e do Estado.

Unificación e coordinación dos Seguros Sociais

No período de 1932 a 1935 o goberno da II República encargou ao INP a elaboración dun proxecto de unificación e coordinación dos seguros sociais preexistentes, que non chegou a cristalizar nin puido aplicarse como consecuencia da Guerra Civil. Este proxecto contemplaba un sistema de Seguridade Social laboral de carácter integrador e xestión participada.

Subsidios familiares

Unha lei de Bases de 1938 instituíu un réxime obrigatorio de subsidios familiares. Este novo seguro estende o seu campo de aplicación a todos os traballadores por conta allea, de certas ramas de produción, e determina as súas prestacións en función do número de fillos, da súa idade e da súa capacidade laboral.

O seguro obrigatorio de Vellez e Invalidez

No ano 1939, o antigo Retiro Obreiro transfórmase en subsidio de vellez e oito anos máis tarde, en 1947, este se configura como Seguro de Vellez e Invalidez (SOVI), xestionados todos eles polo INP.

O Seguro Obrigatorio de Enfermidade (SOE)

En 1942, créase o Seguro Obrigatorio de Enfermidade, destinado a todos os produtores "economicamente débiles" organizado sobre un sistema de reparto, aboándose as súas primas a partes iguais entre empresarios e traballadores. Este seguro desapareceu coa inclusión da Asistencia Sanitaria na acción protectora da Seguridade Social.

O Mutualismo Laboral

A partir de 1946 e debido á insuficiencia cuantitativa dos seguros sociais, establécense en España formas complementarias de protección social, organizadas por ramas profesionais. Este proceso culminará en 1954 coa publicación do Regulamento Xeral do Mutualismo Laboral. As prestacións que recoñecía eran de carácter regulado (pensións e subsidios) e potestativas (asistencia social, créditos, acción formativa). A cotización era bipartita a cargo de empresarios e traballadores.

Para concluír o exame desta primeira etapa, cabe destacar que as reformas legais operadas neste período comparten unha dobre característica:

- mínima participación de empresarios e traballadores nos órganos de xestión.
- baixa intensidade protectora como consecuencia do exíguo nivel inversor destinado á protección social.

1.3 Etapa de configuración normativa (1962-1978)

Nesta etapa, apróbanse as bases dun sistema integrado de Seguridade Social de alcance profesional con declaración de universalidade subxectiva e obxectiva ao intentar amparar toda a poboación e respecto de todas as prestacións.

Os seus fitos principais son:

Lei de Bases da Seguridade Social de 1963.

A Lei de Bases da Seguridade Social e os seus textos articulados I e II (1966 e 1974), unifican e integran os distintos seguros sociais e emerxe un novo sistema de Seguridade Social que reordena a acción protectora dende parámetros eminentemente contributivos cara ao colectivo dos traballadores por conta allea e as súas familias, e só parcialmente compartida por outros sectores profesionais de menor capacidade contributiva.

O 1 de xaneiro de 1967 comeza a vixencia do novo Sistema de Seguridade Social.

Lei de Financiamento e Perfeccionamento de 1972.

Para resolver os problemas financeiros herdados do antigo mutualismo, defínese unha estrutura de cotización maior, calculada no Réxime Xeral de acordo cos salarios reais e no resto de Réximes Especiais, que define a Lei de Bases, en atención á distinta natureza e condicións de certas actividades profesionais, conforme a unhas bases mínimas ou de acordo co acordado en procedementos negociados. Así mesmo, mellórase o campo da acción protectora e iníciase a progresiva homologación entre Réximes.

Non obstante e aínda cando as citadas normas prevexan que as achegas do Estado terán carácter progresivo e que se constitúan nun recurso ordinario da Seguridade Social, na práctica son as cotizacións sociais as que soportan a maior parte do financiamento dos servizos e prestacións da acción protectora. En consecuencia, as prestacións seguen sendo insuficientes e o sistema de protección social ten escasa relevancia no conxunto da economía nacional.

Outras notas que caracterizan esta segunda etapa son: a atribución da xestión da Seguridade Social ao Estado e a separación entre un Réxime Xeral e varios Réximes Especiais.

1.4 Etapa do Estado do Benestar (1978 ata os nosos días)

O desenvolvemento da Seguridade Social ten como punto álxido a aprobación da Constitución Española de 1978, varios de cuxos preceptos se refiren de forma explícita á Seguridade Social, especialmente o artigo 41, considerado clave para entender o sistema público de protección en España e que deseña o actual modelo de Seguridade Social. Nel declárase, como principio reitor da política social e económica, o mantemento polos poderes públicos dun réxime público de Seguridade Social, para todos os cidadáns, que garanta prestacións suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. A asistencia e prestacións complementarias serán libres.

Esta etapa democrática caracterízase pola presenza dos seguintes elementos:

- **Reforma financeira**, que se traduce na plena integración dos orzamentos da Seguridade Social nos Orzamentos Xerais do Estado, o que permitirá unha maior transparencia ao existir un control parlamentario do gasto e dos ingresos da Seguridade Social e a consolidación da natureza pública do Sistema.
- **Participación e control dos interlocutores sociais** (sindicatos e organizacións empresariais) no funcionamento do sistema da Seguridade Social, a través da súa participación nos órganos de dirección e control das entidades da Seguridade Social.

- **Incremento dos recursos financeiros** co obxectivo de alcanzar os niveis medios de gasto en protección social respecto dos países do noso mesmo nivel socioeconómico.
- **Diferenciación das prestacións**, non contributivas vinculadas á condición de cidadanía e financiadas con recursos procedentes dos impostos, e as contributivas, propias dos traballadores cotizantes e as súas familias.

As prestacións recoñecidas a todos os cidadáns con carácter universal e cos requisitos establecidos para cada situación son:

- A asistencia sanitaria
- Os servizos sociais
- As pensións non contributivas de velez e invalidez
- As prestacións por nacemento de fillo ou adopción e as recoñecidas ás familias vulnerables, (con membros discapacitados, monoparentais, numerosas, con carencia de recursos) así como a maternidade non contributiva.
- As prestacións do sistema de dependencia.

Son prestacións recoñecidas no nivel contributivo:

- As prestacións económicas temporais por accidente de traballo e enfermidade profesional ou común.
 - As prestacións contributivas de xubilación, incapacidade permanente, viuvez, orfandade e en favor de familiares.
 - As prestacións de maternidade, risco durante o embarazo, paternidade e risco durante a lactación.
 - A prestación por desemprego para traballadores por conta allea.
-
- **As prestacións tenden á súa extensión**, cubrindo as lagoas legais que provocaban situacións de desprotección, e á atenuación de diferenzas entre colectivos de traballadores por conta allea ou incluso entre traballadores dependentes e por conta propia.
 - **As prestacións da protección social pública complétanse coa creación e ordenación da previsión social complementaria** a través de instrumentos individuais (Plans e Fondos de Pensións) vinculados á negociación colectiva e ao aforro persoal.

Entre as medidas levadas a cabo nesta etapa, poden destacarse pola súa importancia cualitativa aquelas dirixidas á conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras, as melloras da protección familiar, a xubilación parcial gradual e flexible e as medidas para a igualdade efectiva de mulleres e homes en orde ao recoñecemento do dereito á integración da vida persoal e laboral e a unha maior corresponsabilidade entre mulleres e homes no desempeño das obrigas familiares.

Por último, a recente Lei de Medidas en materia de Seguridade Social, quere garantir a sustentabilidade financeira e o perfeccionamento dos niveis de benestar do conxunto dos cidadáns. Estas medidas están baseadas nunha serie de circunstancias como o envellecemento da poboación, a incorporación das mulleres ao mercado de traballo e o fenómeno da inmigración.

Pódese concluír que a ampliación do ámbito de cobertura na protección social experimentado nos últimos anos e aliñado cos cambios da sociedade do século XXI contribúen a consolidar e perfeccionar o Estado de Benestar en España.

1.5 Organización xestora da Seguridade Social

A xestión e administración da protección social do sistema da Seguridade Social está encomendada a un conxunto de Organismos públicos con facultades e competencias directivas, reguladoras, planificadoras e xestoras.

As principais características da organización xestora da Seguridade Social son:

- Ter personalidade xurídica propia tuteladas polo Ministerio correspondente.
- Desenvolver as súas funcións en réxime descentralizado nos diferentes ámbitos territoriais.
- O seu control e vixilancia efectúase por órganos nos que están representados a partes iguais os sindicatos, as organizacións empresariais e a propia Administración Pública.
- Non poden servir de fundamento a operacións de lucro mercantil.
- A Seguridade Social enmárcase no procedemento administrativo común, xa que se trata dun servizo público.

Da Secretaría de Estado da Seguridade Social dependen os seguintes órganos directivos e unidades:

- a) **A Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social:** Correspóndelle o desenvolvemento das funcións xurídicas e económico-financeiras da Seguridade Social, planificación e realización de estudos xurídicos, económicos, financeiros e demográficos, elaboración do Anteproxecto de orzamento da Seguridade Social, o seguimento económico e orzamentario das Entidades Xestoras e Servizos Comúns, etc.
- b) **A Intervención Xeral da Seguridade Social:** É o órgano de control interno e de dirección e xestión da contabilidade da Seguridade Social.
- c) **O Servizo Xurídico da Seguridade Social:** Correspóndelle o exercicio das funcións e competencias relativas ao asesoramento xurídico e representación e defensa en xuízo das Entidades Xestoras e Servizos Comúns da Seguridade Social.
- d) **O Instituto Nacional da Seguridade Social:** É a entidade encargada de xestionar e administrar as prestacións económicas do sistema da Seguridade Social, con excepción das atribuídas ao ISM, IMSERSO ou aos servizos correspondentes das Comunidades Autónomas.
- e) **O Instituto Social da Mariña:** É a entidade encargada da problemática social do sector marítimo-pesqueiro e de xestionar o Réxime Especial da Seguridade Social dos traballadores do Mar.
- f) **A Tesourería Xeral da Seguridade Social:** Ten encomendada a xestión dos recursos económicos e a administración financeira do sistema da Seguridade Social, en aplicación dos principios de solidariedade financeira e caixa única, así como a titularidade do patrimonio de todo o sistema.
- g) **A Xerencia de Informática da Seguridade Social:** É a competente en todo o relacionado co uso e aplicación das novas tecnoloxías da información e das comunicacións no ámbito da Seguridade Social.


Por outro lado, teñen dependencia doutras Secretarías de Estado ou Ministerios os seguintes organismos:

O Instituto de Maiores e Servizos Sociais: Ten encomendada a xestión dos servizos sociais, complementarios do sistema da Seguridade Social e os plans, programas e servizos de ámbito estatal para persoas maiores e en situación de dependencia, sen prexuízo da xestión transferida ás Comunidades Autónomas.

Servizo Público de Emprego Estatal: Encárgase basicamente da xestión e control das prestacións por desemprego, análise do mercado de traballo, rexistro público das ofertas, demandas e contratos, así como das políticas de formación e colocación nos territorios que non as teñan transferidas ás respectivas Comunidades Autónomas

O Instituto Nacional de Xestión Sanitaria (INGESA): Atribúeselle a xestión das prestacións sanitarias da Seguridade Social no ámbito das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, xa que o resto de Comunidades Autónomas teñen transferidas estas competencias.

En materia de asistencia sanitaria o Estado ten competencia exclusiva sobre as bases e coordinación xeral da Sanidade, lexislación sobre produtos farmacéuticos e sanidade exterior.



(*) **COLABORACIÓN NA XESTIÓN:** Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social.

(**) **ASISTENCIA SANITARIA:** Sistema Nacional de Saúde (Comunidades Autónomas e INGESA).

2 O modelo actual de Seguridade Social. Nivel básico de protección - Nivel contributivo ou profesional - Nivel complementario de protección

Obxectivos

Con esta sesión, preténdese que os alumnos:

- Comprendan e entendan o tratamento que a Constitución Española realiza en relación coa Seguridade Social e as súas liñas mestras.
- Articulen o modelo español de Seguridade Social, a partir dos distintos niveis de protección que se recoñecen e en concreto do nivel básico de Seguridade Social (Non contributivo).

Contidos

- Nivel básico de protección.
- Características: Ámbito Subxectivo, Financiamento e Xestión.
- Contido: Pensións, Prestacións e Servizos.

Lembremos que...

- De acordo co proclamado no art. 41 da Constitución, o Sistema de protección da Seguridade Social, materialízase a través de dúas modalidades ou niveis: Unha modalidade contributiva e outra non contributiva.

A estes niveis hai que engadir un terceiro de carácter libre: Fondos e Plans de Pensións.

2.1 O modelo actual de Seguridade Social

O modelo de Seguridade Social que a Constitución diseña vai ser máis ambicioso que o modelo vixente ata ese momento e esixirá adecuar o sistema ás previsións constitucionais, xa que as normas ordinarias preconstitucionais en materia de Seguridade Social son insuficientes para dar cumprimento ao modelo esixido pola Constitución.

Esta utiliza a expresión "Seguridade Social" en catro preceptos dispersos, se ben o máis importante, como apuntabamos, é o artigo 41. O segundo precepto de interese é o artigo 149.1.17 que inclúe a lexislación básica e o réxime económico da Seguridade Social entre as materias sobre as que o Estado ten competencia exclusiva, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas Comunidades Autónomas.

Á luz do terceiro precepto contemplado, que é o artigo 129.1, esa lexislación que corresponde ao Estado debe establecer as formas de participación dos interesados na Seguridade Social.

Unha cuarta e última referencia á Seguridade Social contense no artigo 25.2 cando, ao referirse aos dereitos do condenado a pena de prisión, declara que "en todo caso, terá dereito a un traballo remunerado e aos beneficios correspondentes da Seguridade Social".

Pero a contemplación das liñas mestras da Seguridade Social trazadas pola Constitución non se reduce aos catro artigos aludidos, en que tal expresión se utiliza. Hai que mencionar tamén outros artigos: a protección económica da familia (artigo 39); a protección da saúde (artigo 43); o tratamento e rehabilitación dos diminuídos físicos (artigo 49) e a suficiencia económica dos cidadáns durante a terceira idade, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas (artigo 50). Aspectos todos eles considerados internacionalmente como vertentes da Seguridade Social.


O mandato constitucional, recollido como un dos principios reitores da política social e económica, cumpriuse mediante a promulgación da Lei de prestacións non contributivas, e así quedou finalmente configurado o sistema de protección da Seguridade Social a través de dúas modalidades ou niveis: unha modalidade contributiva e unha modalidade non contributiva.

O artigo 41. da Constitución española ao referirse á Seguridade Social establece que os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. A asistencia e prestacións complementarias serán libres.

Deste xeito, na actualidade, a acción protectora do Sistema de Seguridade Social español artículase partindo dun módulo de protección integral e universalizada que comprende a asistencia sanitario-farmacéutica, a protección familiar, os servizos sociais e, en determinados casos, o subsidio por desemprego.

A esta protección acceden todos os cidadáns, en idénticas condicións, con independencia de que contribúsen ou non ao Sistema da Seguridade Social, e complétase, por unha parte, co sistema de prestacións económicas no que, de forma harmónica e diferenciada, intégrase a modalidade contributiva, na que se ofrecen rendas de substitución dos salarios percibidos en activo (proporcionalidade entre salario-cotización e prestación) e, por outra, coa modalidade non contributiva, dirixida a proporcionar rendas de compensación das necesidades básicas en favor de aqueles cidadáns que, atopándose en situación de necesidade, non acceden á esfera contributiva.

A estes dous niveis de carácter público e obrigatorio hai que engadir un terceiro nivel complementario de carácter libre, constituído principalmente polas Entidades de Previsión Social e os Fondos de Pensións.



2.2 Nivel básico de protección

2.2.1 Carácter

A protección a través de prestaciones non contributivas, en maior ou menor grao, comezou a configurarse a partir da década dos oitenta, na que o Estado inicia unha lenta reforma progresista do Sistema da Seguridade Social, representada principalmente polos seguintes caracteres:

- **Ámbito subxectivo**, que fai referencia á inclusión no campo de aplicación do sistema de todas aquelas persoas que, por calquera causa, non cotizasen nunca ou o suficiente para poder causar dereito ás súas prestacións, e que non dispuxesen de recursos suficientes para manter un mínimo nivel de vida.

- **Financiamento**, manifestada nas prestacións con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, posto que se trata dun modelo que supón a existencia dunha relación xurídica de protección directa entre o Estado e os suxeitos protexidos, que non o son en canto suxeitos dunha relación laboral ou de actividade por conta propia.
- **Xestión**, de carácter público, de igual modo que no nivel contributivo e se leva a efecto tamén por Entidades xestoras especializadas, así:
 - A xestión das pensións de xubilación e invalidez corresponde á Entidade Xestora do Sistema de Seguridade Social que ten competencias tamén en canto ás prestacións complementarias, o Instituto de Maiores e Servizos Sociais (**IMERSO**) ou aos órganos competentes das Comunidades Autónomas que teñen transferidas as funcións e servizos daquel.
 - A xestión e o recoñecemento das prestacións económicas de protección familiar realízase a través do Instituto Nacional de Seguridade Social (**INSS**).
 - A materialización da prestación de asistencia sanitaria efectúase a través do servizo competente das Comunidades Autónomas ou polo Instituto Nacional de Xestión Sanitaria (**INGESA**) nas cidades de Ceuta e Melilla.
 - A xestión do subsidio por desemprego ou nivel asistencial desenvólvese a través do Servizo Público de Emprego Estatal.

Actualmente, o IMERSO e o INSALUD (INGESA) teñen transferidas as súas competencias a todas as Comunidades Autónomas, agás ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

NIVEL BÁSICO DE SEGURIDADE SOCIAL. Non Contributivo

Caracteres

- > **Ámbito Subxectivo.** Persoas sen cotizacións nin recursos
- > **Financiamento** mediante achegas do Estado
- > **Xestión Pública**, por entidades xestoras especializadas

Contido

- > **Asistencia Sanitaria e Farmacéutica**
- > **Pensións non contributivas** { Xubilación
Invalidez
- > **Prestacións por razón de necesidade** (Residentes no Estranxeiro)
- > **Pensións asistenciais de ancianidade** (Espaníais Retomados)
- > **Prestacións familiares económicas**
- > **Subsidios por desemprego**
- > **Subsidio non contributivo por maternidade**
- > **Servizos Sociais**

2.2.2 Prestacións sanitarias. Contido

Como analizamos, a Constitución española consagrou o dereito á protección da saúde de todos os cidadáns e, no seu desenvolvemento procedeuse á elaboración dun novo concepto "universalista" da prestación de asistencia sanitaria, en todos os casos de perda da saúde.

Ademais, se garante a igualdade substancial de toda a poboación en canto ás prestacións sanitarias e a inexistencia de calquera tipo de discriminación no acceso, administración e réxime de prestación dos servizos sanitarios.

O marco normativo definido polos preceptos constitucionais e legais, garante a protección da saúde, a equidade e a accesibilidade a unha adecuada atención sanitaria, á que teñen dereito todos os cidadáns independentemente do seu lugar de residencia, facendo efectivas as prestacións a través da carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, na que se recollen as técnicas, tecnoloxías ou procedementos que cobre o Sistema.

Coa Lei Xeral de Sanidade, esténdese a cobertura da prestación ás persoas sen recursos económicos non incluídas na asistencia sanitaria do Sistema de Seguridade Social.

Non obstante, é no ano 1989, cando se materializa e se recoñece o dereito ás prestacións da asistencia sanitaria da Seguridade Social aos españois que teñan establecida a súa residencia en territorio nacional e carezan de recursos económicos suficientes. Esta asistencia recoñécese con idéntica extensión e contido que a prevista no Réxime Xeral da Seguridade Social.

Tras a entrada en vigor da lei sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, os que se atopen en España, inscritos no padrón do municipio no que residan habitualmente, teñen dereito á asistencia sanitaria nas mesmas condicións que os españois.

Tamén, os estranxeiros que se atopen en España (aínda que non sexan residentes) teñen dereito á asistencia sanitaria pública de urxencia ante enfermidades graves ou accidentes, calquera que sexa a súa causa e á continuidade desta atención ata a situación de alta médica; se se trata dun menor de 18 anos a asistencia sanitaria recoñécese nas mesmas condicións que aos españois e, por último, as estranxeiras embarazadas que se atopen en España teñen dereito á asistencia sanitaria durante o embarazo, parto e posparto.

2.2.3 Pensións non contributivas

A protección non contributiva no marco do Sistema español da Seguridade Social deixou de ser unha parte marxinal existente dentro do contido das prestacións contributivas e converteuse nunha porción máis da acción protectora de aquel, a partir do establecemento das prestacións non contributivas.

Mediante Lei, esténdese o dereito ás pensións de xubilación e invalidez do Sistema da Seguridade Social, a todos os cidadáns, aínda cando non cotizasen nunca o tempo suficiente para alcanzar prestacións de nivel contributivo.

Poden asimilarse tamén a pensións non contributivas, as pensións asistenciais por ancianidade en favor de emigrantes españois, se ben tendo en conta que non forman parte da trama institucional da Seguridade Social.


2.2.3.1 Españóis (ou asimilados), residentes no territorio nacional

Pensiones de invalidez

Na modalidade non contributiva, poderán ser constitutivas de invalidez as deficiencias, previsiblemente permanentes de carácter físico ou psíquico, conxénitas ou non, que anulen ou modifiquen a capacidade física, psíquica ou sensorial de quen a padece. Existen dous graos de invalidez:

- Discapacidade ou enfermidade crónica > 65 %.
- Discapacidade ou enfermidade crónica > 75 % e axuda de 3ª persoa.


A porcentaxe de discapacidade determínase valorando tanto os factores físicos como os factores sociais complementarios que concorren. A valoración realízase por equipos de profesionais especializados.



Pensiones de xubilación

Pola súa parte, son beneficiarios da pensión de xubilación, na súa modalidade non contributiva, as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

**PENSIÓN DE XUBILACIÓN. MODALIDADE NON CONTRIBUTIVA.
CONDICIÓNS DE ACCESO AO DEREITO**



2.2.3.2 Españaís residentes no estranxeiro

Prestacións por razón de necesidade

Trátase dun mecanismo de protección que garante o dereito a percibir unha prestación aos españois residentes no exterior que, ao trasladarse ao exterior por razóns laborais, económicas ou calquera outra, fóra de España, e cumpridos 65 anos ou estando incapacitados para o traballo, se atopen nunha situación de necesidade por carecer de recursos suficientes para cubrir as súas necesidades.

A prestación por razón de necesidade comprende:

- A prestación económica por ancianidade.
- A prestación económica por incapacidade absoluta para todo tipo de traballo.
- A asistencia sanitaria.

2.2.3.3 Españaís de orixe retornados

Pensión asistencial de ancianidade

Os españois de orixe, residentes nos países onde a precariedade do sistema de protección social xustifica a existencia da prestación por razón de necesidade, poderán ser beneficiarios da pensión asistencial por ancianidade unha vez que retornen a España.

O dereito á pensión asistencial de ancianidade para os retornados recoñecerase sempre que se acrediten os requisitos esixidos para ter dereito a unha pensión de xubilación na súa modalidade non contributiva, agás o referido aos períodos de residencia en territorio español.

A contía é a que se fixa na Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para a pensión de xubilación na súa modalidade non contributiva do sistema de Seguridade Social, en cómputo anual e referida a 12 mensualidades.

2.2.4 Subsidio especial por maternidade


A Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece un subsidio por maternidade, en caso de parto, para quen reúna todos os requisitos para acceder á prestación por maternidade agás o período mínimo de cotización necesario.

Este subsidio soamente comprende os supostos de parto e é aplicable a todas as traballadoras, por conta allea e por conta propia, de todos os Réximes do sistema.

2.2.5 Protección familiar

Son beneficiarios das prestacións económicas de protección á familia quen resida legalmente en territorio español, non teña dereito a prestacións desta natureza noutro réxime público de protección social e cumpran os requisitos establecidos regulamentariamente.

Os estranxeiros residentes en España terán dereito ás prestacións nas mesmas condicións que os españois.



2.2.6 Nivel asistencial da protección por desemprego

O nivel asistencial está destinado a desempregados que por diferentes motivos non puideron volver a traballar ou acceder á prestación contributiva de desemprego; finánciase a través das achegas do Estado, e consta dunha prestación económica e do aboamento á Seguridade Social da cotización correspondente a algunhas continxencias.

Son beneficiarios do subsidio por desemprego os parados que figuren inscritos como demandantes de emprego, durante o prazo dun mes, sen rexeitar oferta de emprego adecuada nin negarse a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais, e que carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao 75 por 100 do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias, sempre que se atopen nalgúnhas das seguintes situacións:

- Esgotar unha prestación contributiva de desemprego e ter responsabilidades familiares.
- Esgotar unha prestación contributiva de desemprego de, polo menos, 360 días de duración, carecer de responsabilidades familiares e ser maior de 45 anos de idade na data do esgotamento.
- Non ter dereito a prestación contributiva, se se cumpren certos requisitos (período de cotización mínimo e/ou responsabilidades familiares).
- Nas condicións previstas, ser emigrante retornado, liberado de prisión ou inválido rehabilitado procedente das situacións de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez.

A duración da prestación e a cotización á Seguridade Social está en función da modalidade de subsidio á que teña dereito o beneficiario. Estas modalidades son:

- 1) Subsidio por desemprego. A contía é equivalente ao 80 por 100 do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) mensual vixente en cada momento. No exercicio de 2011, o IPREM mensual quedou fixado en 532,51 €; polo tanto, o subsidio será de 426 €.
- 2) Subsidio por desemprego para traballadores maiores de 52 anos. A contía neste caso é idéntica á anterior. Poden percibir o subsidio ata alcanzar a xubilación.
- 3) Subsidio especial para traballadores maiores de 45 anos que teñan esgotado a prestación por desemprego de 24 meses. A contía oscila entre o 80 por 100 do IPREM (traballador cun ou ningún familiar ao seu cargo); o 107 por 100 (dous familiares ao seu cargo) e o 133 por 100 (tres ou máis familiares ao seu cargo).

2.2.7 Servizos Sociais


Os beneficiarios de pensións non contributivas, en cuanto pensionistas da Seguridade Social, reciben non só unha renda económica e a asistencia médico-farmacéutica, senón tamén unha serie de servizos sociais que se manifestan en: orientación familiar, atención domiciliaria, residencias e fogares comunitarios, ocupación do tempo libre e ocio, etc., obtendo desta forma unha cobertura integral ante o seu estado de necesidade.

2.3 Nivel contributivo ou profesional

Mediante o nivel contributivo da Seguridade Social, o Estado garante ás persoas comprendidas no campo de aplicación de aquela, por realizar unha actividade profesional, e aos familiares ou asimilados que tivesen ao seu cargo, a protección adecuada nas continxencias e situacións definidas legalmente.

O análise do nivel contributivo ou profesional da Seguridade Social realízase nas seguintes unidades didácticas que se refiren á acción protectora e réxime xurídico de prestacións, campo de aplicación e financiamento e cotización da Seguridade Social.

NIVEL CONTRIBUTIVO DA SEGURIDADE SOCIAL



2.4 Nivel complementario

Este terceiro nivel de protección, ten carácter libre e está constituído principalmente polas Entidades de Previsión Social e os Fondos de Pensiones. A súa cobertura é voluntaria e a contratación é libre. O contido prestacional desta modalidade, está constituído basicamente por prestacións asistenciais e económicas.

3 Acción protectora e réxime xurídico das prestacións

Obxectivos

Con esta sesión, preténdese:

- Percibir o amplísimo elenco de dereitos que se xeran no marco da Seguridade Social, ante determinadas situacións ou continxencias previstas.
- Afondar nas características das prestacións da Seguridade Social.

Contidos

- Concepto, claves e caracteres das prestacións da Seguridade Social.
- Cadro da acción protectora. Notas e esquemas.
- Revalorización das Pensións, límites e complementos por mínimos.

Lembremos que...

- As prestacións da Seguridade Social teñen contido económico e son irrenunciabes por parte dos seus beneficiarios.
- O recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria corresponde ao Instituto Nacional da Seguridade Social, aínda que as prestacións derivadas dese dereito corresponden aos Servizos Públicos de Saúde das Comunidades Autónomas.
- As prestacións por desemprego xestiónanse polo Servizo Público de Emprego Estatal.
- As pensións da Seguridade Social revalorízanse anualmente conforme ao incremento do Índice de Prezos ao Consumo (IPC).

3.1 Concepto, clases e caracteres das prestacións

No ámbito da Seguridade Social, as prestacións económicas, eminentemente contributivas, constitúen un dereito de contido diñeirario que, unha vez recoñecido cando se reúnen determinadas condicións, intégrase no patrimonio do beneficiario, nas continxencias ou situacións protexidas previstas na Lei.

As prestacións poden ser de catro clases:

- **Pensións**, son prestacións económicas de devindicación periódica e de duración vitalicia ou ata alcanzar unha idade determinada.
- **Subsidios**, prestacións de devindicación periódica e de duración temporal.
- **Indemnizacións**, prestacións económicas aboables por unha soa vez.
- **Outras prestacións**, como as prestacións por desemprego e a protección familiar de carácter non económico.

Ademais das prestacións económicas cabería mencionar a asistencia sanitaria, a prestación farmacéutica e os servizos sociais que, en realidade, son prestacións en especie pero que teñen unha indubidable repercusión económica.

Como caracteres das prestacións económicas do Sistema da Seguridade Social poden sinalarse os seguintes:

- **Son públicas**, xa que integran o réxime público de Seguridade Social ao que se refire o artigo 41 da Constitución.
- **Son intransmisibles e irrenunciabes**, xa que os beneficiarios non poden transmitir o seu dereito nin renunciar a elas, con independencia do exercicio do dereito de opción en caso de incompatibilidade de prestacións.
- **Gozan de garantías fronte a terceiros**, é dicir, que non poden ser obxecto de retención, compensación ou desconto, agás nos casos establecidos (obrigas alimenticias, débedas contraídas coa propia Seguridade Social...).
- **Só poden ser embargadas** nos termos e contías fixados pola Lei de Procesamento Civil para as pensións e rendas de natureza salarial.
- Son de **cobro preferente**, teñen o carácter de créditos con privilexio xeral.
- Teñen un **tratamento fiscal específico**, por canto que están suxeitas a tributación nos termos establecidos nas normas reguladas de cada imposto.

3.2 Cadro da acción protectora

No nivel contributivo, agás algunhas excepcións nos Réximes Especiais (por exemplo, incapacidade temporal e desemprego no Réxime Agrario conta propia e no de Autónomos) a acción protectora do Sistema da Seguridade Social comprende as seguintes prestacións:



3.2.1 Prestacións sanitarias

Aínda cando se trata dunha prestación en principio non económica, inclúese no presente cadro de acción protectora, tanto pola súa evidente repercusión na economía do suxeito protexido, segundo se indicou anteriormente, como porque tamén o recoñecemento do dereito corresponde ao INSS e ao ISM, en relación co Réxime Especial dos Traballadores do Mar aínda que a materialización da asistencia se leve a cabo a través do Órgano Autonómico correspondente ou dos servizos do INGESA.

Ten por obxecto a prestación dos servizos médicos e farmacéuticos conducentes a conservar ou restablecer a saúde dos beneficiarios, así como a súa aptitude para o traballo, se se trata de persoas en activo.

Son beneficiarios os traballadores afiliados e en alta, os pensionistas e perceptores de subsidios, e así mesmo os familiares (cónxuxe, descendentes, ascendentes, etc.), e quen conviva con aqueles, estean ao seu cargo, e non perciban ingresos superiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (527,24 €/mes).

A efectividade do dereito prodúcese a partir do día seguinte ao da presentación da alta ou, no seu caso, dende a data de inicio da percepción da pensión, ou dende a data de solicitude. Considéranse prestacións de atención sanitaria do Sistema Nacional de Saúde os servizos ou conxunto de servizos preventivos, diagnósticos, terapéuticos, rehabilitadores e de promoción e mantemento da saúde dirixidos aos cidadáns.

O catálogo de prestacións do Sistema Nacional de Saúde, comprende as prestacións correspondentes a saúde pública, atención primaria, atención especializada, atención sociosanitaria, atención de urxencias, a prestación farmacéutica, a ortoprotésica, de produtos dietéticos e de transporte sanitario.

As prestacións sanitarias do catálogo fanse efectivas mediante a carteira de servizos acordada no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

3.2.2 Incapacidade temporal

É a situación na que se atopa o traballador cando está imposibilitado temporalmente para traballar e precisa asistencia sanitaria da Seguridade Social.

Son beneficiarios os traballadores afiliados e en alta, que teñan cuberto un período mínimo de cotización de 180 días dentro dos 5 anos anteriores á data da baixa, cando esta se deba a enfermidade común. En caso de accidente ou enfermidade profesional, non se esixe período previo de cotización.

Incapacidade temporal Continxencias

	Contía sobre a base reguladora	Nacemento do dereito	Duración da situación
Enfermidade común e accidente non laboral	60% (4º ao 20º día) * 75% (dende o 21º)	4º día	365 días + 180 días de prórroga
AT e EP	75%	Día seguinte ao accidente ou baixa (Día da baixa, a cargo da empresa)	365 días + 180 días de prórroga
Período de observación			6 meses + 6

* Do 4º ao 15º día, a cargo da empresa

** Tamén, aos 365 días, o INSS pode emitir alta ou iniciar expediente de incapacidade permanente

Aboamento do subsidio.....mentres dura a IT.

Folga e peche patronal.....non existe dereito.

INCAPACIDADE TEMPORAL. Concepto

Concepto

- > Imposibilidade de Traballar
- > Necesidade de Asistencia Sanitaria

Situacións Determinantes

- > Enfermidade { Común
Profesional
- > Períodos de Observación
- > Accidente { Laboral
Non Laboral

Beneficiarios

- > Afiliación e Alta
- > Período de Cotización

3.2.3 Risco durante o embarazo

A Lei para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras implantou a prestación de risco durante o embarazo, dentro da acción protectora do Sistema da Seguridade Social, coa finalidade de protexer a saúde da muller embarazada. Desta forma, dáse cobertura aos supostos en que, debendo a muller traballadora cambiar de posto de traballo por outro compatible co seu estado, porque -de conformidade coa Lei de prevención de riscos laborais- as condicións nas que se desenvolve a súa actividade laboral poden influír negativamente na súa saúde ou na do feto, este cambio non resulta técnica ou obxectivamente posible, ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificados.

Subsidio por risco durante o embarazo

- 1) **FINALIDADE:** Protexer a saúde da muller traballadora.

- 2) **SITUACIÓN PROTEXIDA:** Suspensión do contrato de traballo nos supostos do art. 26 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.
- 3) **PRESTACIÓN ECONÓMICA:** Dende o inicio da suspensión ata o descanso por maternidade ou reincorporación do traballo.
- 4) **CONTÍA:** Subsidio equivalente ao 100% da base reguladora de IT, derivada de continxencias profesionais.
- 5) Xestión directa polo INSS ou polo ISM ou por Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais.

3.2.4 Risco durante a lactación natural

A lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes creou a prestación de risco durante a lactación natural, dentro da acción protectora do Sistema da Seguridade Social, coa finalidade de protexer a saúde da muller traballadora e do seu fillo durante o período de lactación natural. Desta forma, dáse cobertura aos supostos en que, debendo a muller traballadora cambiar de posto de traballo por outro compatible co seu estado, porque -de conformidade coa Lei de prevención de riscos laborais- as condicións nas que se desenvolve a súa actividade laboral poden influír negativamente na súa saúde ou na do neno, este cambio non resulta técnica ou obxectivamente posible, ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificados.

Subsidio por lactación natural

- 1) **FINALIDADE:** Protexer a saúde da muller traballadora e/ou do acabado de nacer.
- 2) **SITUACIÓN PROTEXIDA:** Suspensión do contrato de traballo nos supostos do art. 26 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.
- 3) **PRESTACIÓN ECONÓMICA:** Dende o inicio da suspensión ata que o fillo cumpra nove meses ou se produza a reincorporación ao posto de traballo ou a outro compatible coa súa situación.
- 4) **CONTÍA:** Subsidio equivalente ao 100% da base reguladora de IT, derivada de continxencias profesionais.
- 5) Xestión directa polo INSS ou polo ISM ou por Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais.

3.2.5 Maternidade

A partir do ano 1995 a maternidade configurouse como unha continxencia específica, desligada da incapacidade laboral transitoria, á que ata entón se asociaba. O fin último da protección, o coidado do menor e a potenciación da relación na afectividade nai/fillo, máxime nos primeiros momentos da existencia deste, xustifican esa separación.


Para a prestación por maternidade, considéranse situacións protexidas a maternidade, a adopción e o acollemento tanto preadoptivo como permanente ou simple, de conformidade co Código Civil ou as leis civís das Comunidades Autónomas que o regulan, sempre que neste último caso a súa duración non sexa inferior a un ano, e aínda que estes acollementos sexan provisionais, durante os períodos de descanso que por estas situacións gozan legalmente os traballadores.



3.2.6 Paternidade

A Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes creou tamén a prestación de paternidade.


Para a prestación por paternidade, considéranse situacións protexidas a do nacemento do fillo, a adopción e o acollemento tanto preadoptivo como permanente ou simple, de conformidade co Código Civil ou as leis civís das Comunidades Autónomas que o regulan, sempre que neste último caso a súa duración non sexa inferior a un ano, e aínda que estes acollementos sexan provisionais, durante os períodos de descanso que por estas situacións gozan legalmente os traballadores.



3.2.7 Coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade

É unha prestación económica destinada aos proxenitores, adoptantes ou acolledores que reducen a súa xornada de traballo para o coidado do menor ao seu cargo afectado por cancro ou outra enfermidade grave.

A prestación consiste nun subsidio equivalente ao 100% da base reguladora establecida en cada momento para a prestación de Incapacidade Temporal derivada de continxencias profesionais.



3.2.8 Prestacións por incapacidade permanente

Na modalidade contributiva, é incapacidade permanente a situación do traballador que, despois de estar sometido ao tratamento prescrito e ser dado de alta medicamente, presenta reducións anatómicas ou funcionais graves, susceptibles de determinación obxectiva e previsiblemente definitivas, que diminúan ou anulen a súa capacidade laboral.

A incapacidade permanente, calquera que sexa a súa causa determinante, clasifícase conforme aos seguintes graos:

- Incapacidade permanente parcial para a profesión habitual.
- Incapacidade permanente total para a profesión habitual.
- Incapacidade permanente absoluta para todo traballo.
- Grande invalidez.

Enténdese por **Incapacidade permanente parcial** para a profesión habitual a que, sen alcanzar o grao de total, ocasione ao traballador unha diminución non inferior ao 33 % no seu rendemento normal para esta profesión, sen impedirle a realización das tarefas fundamentais daquela.

Enténdese por **Incapacidade permanente total** para a profesión habitual a que inhabilite ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas desta profesión, sempre que poida dedicarse a outra distinta.

Enténdese por **Incapacidade permanente absoluta** para todo traballo a que inhabilite por completo ao traballador para toda profesión ou oficio.

Enténdese por **Grande Invalidez** a situación do traballador afecto de incapacidade permanente e que, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesita a asistencia doutra persoa para os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer e análogos.

Nos casos de accidente, sexa ou non de traballo, enténdese por profesión habitual a desempeñada normalmente polo traballador ao tempo de sufrilo; en caso de enfermidade común ou profesional, aquela á que o traballador dedicaba a súa actividade fundamental durante os doce meses anteriores á data en que se iniciase a incapacidade temporal.

As situacións de incapacidade permanente darán dereito ás correspondentes prestacións se se reúnen as condicións establecidas.

3.2.9 Lesións permanentes non invalidantes

Enténdese por "lesións permanentes non invalidantes" toda lesión, mutilación ou deformidade, causada por accidente de traballo ou enfermidade profesional, de carácter definitivo, que non constitúa incapacidade permanente, que altere ou diminúa a integridade física do traballador, e que estea catalogada no baremo establecido para o efecto.

A prestación consiste nunha indemnización que se concede por unha soa vez, a súa contía está fixada por baremo, é compatible co traballo na mesma empresa e incompatible coas prestacións de incapacidade permanente, polas mesmas lesións.

3.2.10 Xubilación

A pensión de xubilación é a prestación económica que se recoñece, unha vez alcanzada a idade establecida, a quen cese ou cesase, total ou parcialmente, na actividade pola que estaban incluídos no Sistema da Seguridade Social e acrediten o período de cotización fixado. Existen diversas modalidades de xubilación:

Xubilación ordinaria

É a que se produce cando o traballador cesa totalmente, a causa da idade, na súa actividade laboral e cumpre os requisitos xerais para o acceso á pensión.

Xubilación parcial

É a iniciada despois de facer os 60 anos, simultánea cun contrato a tempo parcial e vinculada ou non cun contrato de remuda. Hai que distinguir entre traballadores maiores e menores de 65 anos de idade:

Traballadores maiores de 65 anos

Os traballadores que cumprisen 65 anos e reúnan os requisitos para causar pensión de xubilación, poderán acceder á xubilación parcial sen necesidade da celebración simultánea dun contrato de remuda, sempre que se produza unha redución da súa xornada de traballo entre un mínimo dun 25% e un máximo dun 75%.

Traballadores menores de 65 anos

Os traballadores a tempo completo poderán acceder á xubilación parcial sempre que, con carácter simultáneo, se celebre un contrato de remuda, cunha duración igual ao tempo que lle falte ao traballador substituído para cumprir os 65 anos e reúna os seguintes requisitos:

- Ter cumprido 61 anos de idade, ou 60 se o traballador tiña a condición de mutualista no 1-1-1967.
- Acreditar un período de antigüidade na empresa de, polo menos, 6 anos inmediatamente anteriores á data da xubilación parcial.
- Que a redución da súa xornada se atope comprendida entre un mínimo dun 25% e un máximo do 75%, ou do 85% para os supostos que o traballador remudista sexa contratado a xornada completa mediante un contrato de duración indefinida, e se acrediten 6 anos de antigüidade na empresa e 30 anos de cotización á Seguridade Social.
- Acreditar un período previo de cotización de 30 anos.
- Que, nos supostos en que, debido aos requirimentos específicos do traballo realizado polo xubilado parcial, o posto de traballo deste non poida ser o mesmo ou un similar ao que vaia desenvolver o traballador remudista, exista unha correspondencia entre as bases de cotización de ambos, de modo que a correspondente ao traballador remudista non poida ser inferior ao 65% da base pola que viña cotizando o traballador que acceda á xubilación parcial.

Xubilación flexible

Considérase como situación de xubilación flexible a derivada da posibilidade de compatibilizar, unha vez causada, a pensión de xubilación cun contrato a tempo parcial (redución da xornada entre un 25% e un 85%-75%), coa consecuente minoración da pensión en proporción inversa á redución aplicable á xornada de traballo do pensionista, en relación á dun traballador a tempo completo comparable.

Xubilación anticipada

- Para os traballadores en alta ou asimilada, a idade de 65 anos pode ser rebaixada, en determinados casos, mesmo ata os 60 ou menos anos, (discapacitados, normas transitorias, traballos de natureza penosa, minaría, ferroviarios, etc); xubilación especial aos 64 anos...
- Dende o 1 de xaneiro de 2002, existe a posibilidade de acceder á xubilación anticipada a partir dos 61 anos de idade, cando o traballador teña acreditados 30 anos de cotización, a extinción do contrato de traballo non producido por causa a el imputable e se atope inscrito como demandante de emprego durante un prazo de, polo menos, 6 meses inmediatamente anteriores á xubilación.

Requisitos xerais para a xubilación.


Son beneficiarios os traballadores que reúnan as seguintes condicións:

- **Campo de aplicación e alta.** Estean u estivesen incluídos no campo de aplicación do Sistema, afiliados, e en situación de alta (ou non) ao causar a pensión.
- **Idade.** Como regra xeral, e agás as excepcións indicadas, esíxese ter feitos os 65 anos.
- **Período de cotización.** O período mínimo de cotización esixido é de 15 anos, dos cales, polo menos 2, deben estar comprendidos dentro dos 15 anos inmediatamente anteriores ao momento de causar o dereito; nos supostos en que se acceda á pensión de xubilación dende unha situación de alta ou asimilada, sen obriga de cotizar, o período de 2 anos deberá estar comprendido dentro dos 15 anos anteriores á data en que cesou a obriga de cotizar.
- **Feito causante.** Debe producirse o feito causante, é dicir, o cesamento na actividade laboral cando o traballador estea en alta, ou a presentación da solicitude da pensión nos demais casos.

3.2.11 Prestacións de morte e supervivencia

Nestas prestacións hai que distinguir entre suxeitos causantes (falecidos) e beneficiarios.





3.2.12 Prestacións familiares

O contido da prestación consiste en considerar como período de cotización efectiva os dous primeiros anos do período de excedencia que os traballadores gocen, de acordo co disposto no Estatuto dos Traballadores, en razón do coidado de cada fillo ou menor acollido, nos supostos de acollemento familiar permanente ou preadoptivo, aínda que estes sexan provisionais, ou o tempo que dure a excedencia se esta tivese unha duración inferior aos dous anos.

O período considerado como de cotización efectiva terá unha duración de 30 meses se a unidade familiar da que forma parte o menor de cuxo coidado se solicita a excedencia ten a consideración de familia numerosa categoría xeral, ou de 36 meses se ten a de categoría especial, nos termos que define a Lei de Familias Numerosas ambas categorías.

De igual modo, considerarase efectivamente cotizado o primeiro ano do período de excedencia que os traballadores gocen, en razón de coidado doutros familiares, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade, non poidan valerse por si mesmos e non desempeñen unha actividade retribuída.

Os beneficiarios considéranse en situación de alta para acceder ás prestacións (agás incapacidade temporal) e o período de cotización que se recoñece será tido en conta para a cobertura do período mínimo de cotización esixido para causar as prestacións por xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, maternidade e paternidade, así como para a

determinación da súa base reguladora, e incluso porcentaxe aplicable (no seu caso, á pensión de xubilación).

Ademais, durante o período indicado, mantense o dereito á prestación de asistencia sanitaria da Seguridade Social.

3.2.13 Pensións extraordinarias motivadas por actos de terrorismo

As persoas que resulten incapacitadas ou os familiares de quen faleza como consecuencia de actos de terrorismo, terán dereito, respectivamente, a pensións extraordinarias de invalidez, ou de morte e supervivencia.

Para que tales pensións poidan ser causadas no Sistema da Seguridade Social, é necesario que as persoas, vítimas dun acto de terrorismo:

- estean afiliadas á Seguridade Social.
- estean en situación de alta (ou non) nalgún dos réximes do Sistema.

O método de cálculo aplicable a estas pensións é o mesmo que para as pensións de incapacidade e supervivencia derivadas de accidente de traballo.

PENSIONES EXTRAORDINARIAS MOTIVADAS POR ACTOS DE TERRORISMO

Clases

- > Invalidez
- > Muerte e Supervivencia

Condicións do Causante

- > Afiliación á Seguridade Social
- > Situación de alta (ou non) no Sistema

Base Reguladora (Supostos)

- > En alta → Última base cotizada
- > Non alta → Base mínima de cotización
- > Pensionistas → Pensión que estivese a percibir

Porcentaxe

- > 200% da base reguladora

**NON SUXEIÇÃO AO LÍMITE MÁXIMO
APLICABLE ÀS PENSÕES**

3.2.14 Prestacións por desemprego

Protexe a continxencia de desemprego en que se atopa quen, podendo e querendo traballar, perda o emprego de forma temporal ou definitiva, ou vexa reducida, ao menos nunha terceira parte, a súa xornada laboral, coa correspondente perda ou redución de salarios por algunha das causas establecidas como situacións legais de desemprego. A protección desta situación no nivel contributivo denomínase prestación por desemprego.

Están comprendidos na protección por desemprego os traballadores por conta allea incluídos no Réxime Xeral da Seguridade Social, e o persoal contratado en réxime de dereito administrativo e os funcionarios de emprego ao servizo das Administracións Públicas que teñan previsto cotizar por esta continxencia.

Así mesmo, están comprendidos, con determinadas peculiaridades, os traballadores por conta allea incluídos nos Réximes Especiais da Seguridade Social que protexen esta continxencia (traballadores de minería do carbón, traballadores fixos por conta allea do Réxime Especial Agrario, traballadores do mar, incluídos os retribuídos á parte que presten servizos en embarcacións pesqueiras de menos de 10 toneladas de rexistro bruto).

Duración

A duración da prestación está en función do período de ocupación cotizada nos últimos seis anos anteriores á situación legal de desemprego ou ao momento en que cesou a obriga de cotizar, ou dende o nacemento do dereito á prestación por desemprego anterior, conforme a unha escala que inclúe dende 360 días de cotización (que darían dereito a 120 días de prestación) ata 2.160 días ou máis de cotización (en cuxo caso a prestación estenderíase a 720 días).

Duración da prestación por desemprego

Período de cotización (en días)	Período de cotización (en días)
Dende 360 ata 539	120
Dende 540 ata 719	180
Dende 720 ata 899	240
Dende 900 ata 1079	300
Dende 1.080 ata 1.259	360
Dende 1.260 ata 1.439	420
Dende 1.440 ata 1.619	480
Dende 1.620 ata 1799	540
Dende 1.800 ata 1.979	600
Dende 1.980 ata 2.159	660
Dende 2.160	720

Duración
Períodos de ocupación cotizados nos seis anos anteriores

PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO**Beneficiarios**

- > Traballadores por conta allea, perda de emprego

Condições

- > En alta e en situación legal de desemprego
- > Doce meses cotizados dentro dos 6 anos anteriores
- > Non ter cumprido a idade de xubilación
- > Non estar afectado por incompatibilidade

Contido

- > Prestación económica
- > Aboamento cotizacións á Seguridade Social

Contía Prestación

- > **Base reguladora** = Media cotización durante os 180 días precedentes
- > **Porcentaxes**
 - ▶ **Ata 180 días** = 70%
 - ▶ **Dende 181 días** = 60%
 - ▶ **Máximo**
 - > 175% IPREM, sen fillos
 - > 200/225% con fillos
 - ▶ **Mínimo**
 - > 80% IPREM, sen fillos
 - > 107% con fillos

3.3 Revalorización, límite máximo e complementos por mínimos

As pensións da Seguridade Social na súa modalidade contributiva, incluído o importe da pensión mínima, serán revalorizadas ao comezo de cada ano, en función do correspondente índice de prezos ao consumo previsto para este ano.

Se o índice de prezos ao consumo acumulado, correspondente ao período comprendido entre novembro do exercicio anterior e novembro do exercicio económico a que se refire a revalorización, fose superior ao IPC previsto, e en función do cal se calculou esta revalorización, procederase á correspondente actualización de acordo co que estableza a respectiva Lei de Orzamentos Xerais do Estado. A tales efectos, aos pensionistas cuxas pensións fosen obxecto

de revalorización no exercicio anterior, aboaráselles a diferenza nun pagamento único, antes do 1 de abril do exercicio posterior.

Garántense, así mesmo, para as pensións inferiores á mínima, uns complementos consistentes na diferenza entre o importe da pensión recoñecida e o mínimo establecido anualmente.

Estes complementos non teñen carácter consolidable, sendo absorbible con calquera incremento futuro que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de revalorizacións ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico.

Os complementos por mínimos serán compatibles coa percepción polo pensionista de rendas de traballo persoal por conta propia ou allea e/ou capital, sempre que non superen o límite establecido anualmente.

4 Relación xurídica coa Seguridade Social. Campo de aplicación. Afiliación, inscrición, altas, baixas, réximes.

Obxectivos

Con esta sesión, preténdese:

- Encadrar o Sistema de Seguridade Social dentro do Estado Social e Democrático de Dereito.
- Destacar a necesidade do cumprimento das obrigas para a obtención de dereitos.
- Definir os tipos de relacións xurídicas entre o cidadán e a Seguridade Social.
- Determinar os requisitos para estar incluído no campo de aplicación do Sistema de Seguridade Social.
- Definir o concepto de Afiliación, a súa obrigatoriedade, o seu trámite e os seus efectos.
- Definir o concepto de Inscrición, a súa obrigatoriedade, o seu trámite e os seus efectos.
- Establecer a diferenza entre a Afiliación e a Alta na Seguridade Social
- Definir os conceptos de Alta e Baixa, tipos, trámites e efectos.
- Definir como se organiza o nivel contributivo da Seguridade Social nos distintos Réximes e as súas especificidades.

Contidos

- Relación xurídica coa Seguridade Social.
- Campo de aplicación.
- Afiliación.
- Inscrición de empresas.
- Altas e Baixas.
- Réximes.

Lembremos que...

- O Sistema de Seguridade Social é un mecanismo do Estado para a protección ante as situacións de necesidade.
- Os dereitos e obrigas que orixina o sistema, así como a xestión do mesmo, son “públicos”.
- É a Lei a que determina e regula a “relación” entre os cidadáns e a Seguridade Social, non queda á libre disposición das partes.
- Orientación cara ao principio de universalidade: nivel contributivo e non contributivo.
- A afiliación e as altas subsequentes constitúen o mecanismo para determinar quen é o responsable da obriga de cotizar e dos dereitos que está a xerar o traballador pola “contribución” ao sistema; se o traballador non é dado de alta, e a Seguridade Social non coñece tal circunstancia, non pode darlles protección. É moi importante controlar o cumprimento desta obriga.
- A afiliación é única, vitalicia e exclusiva.
- A afiliación, inscrición e alta deben ser previas ao inicio da actividade profesional.

4.1 A relación xurídica da Seguridade Social

Na actualidade non se discute que sexa función do Estado, entre outras, a de procurar protección ante as situacións de necesidade que poidan padecer os seus cidadáns. "España constitúese nun Estado Social e Democrático de Dereito", proclama o artigo 1 da Constitución, e, en canto tal Estado "social", non pode abandonar á iniciativa privada o mantemento das persoas que non poden sustentarse co seu propio traballo.

Sobre esas bases vaise construíndo unha trama de "seguros sociais", que só se converte nun auténtico sistema de Seguridade Social cando se chega ao convencemento xeneralizado de que esa solidariedade no ámbito laboral só pode ser verdadeiramente eficaz se se encamiña e organiza a través dun sistema no que o propio Estado, a través da Lei, concrete as situacións dignas de protección e a achega que para esta protección deban facer os traballadores en activo. Resulta ademais preciso que o propio Estado vixíe, a través de organismos públicos, o recoñecemento deses dereitos e o cumprimento desas obrigas.

Non existe propiamente un sistema de Seguridade Social se non parte desa dimensión pública: os dereitos e obrigas que orixina o sistema son "públicos", en canto proveñen da Lei e non do acordo entre particulares, e a xestión do sistema é tamén "pública", en canto se encomenda a organismos dependentes do propio Estado.

É a Lei, polo tanto, a que determina e regula a "relación xurídica" entre os cidadáns e a Seguridade Social. Esa relación, -dirixida sempre á protección social dos cidadáns ante as situacións de necesidade-, obriga a ambas partes, Estado e cidadán, á realización de determinados actos, que poden ser de moi diversa natureza, dependendo da posición do cidadán ante a Seguridade Social, como empresario, traballador en activo, ou beneficiario dunha prestación.

No nivel contributivo, adóitanse distinguir tres ámbitos de desenvolvemento desa relación xurídica: afiliación, cotización e protección:

A AFILIACIÓN ou primeira ALTA na Seguridade Social, e as altas subseguintes constitúen o mecanismo establecido polo Estado para determinar, mentres o traballador está en activo, quen é o responsable da obriga de cotizar, por unha parte, e por outra, os dereitos que está a xerar este traballador pola súa "contribución" ao sistema.

A COTIZACIÓN é o mecanismo principal establecido pola Lei para financiar o nivel contributivo da Seguridade Social. Se a ALTA se produciu como traballador por conta allea, o empresario será o responsable de pagar as cotizacións. Se a ALTA o é como traballador autónomo, o mesmo traballador deberá ingresalas.

Considérase como "relación de PROTECCIÓN", ao sistema establecido para que o Estado recoñeza a situación de necesidade cando esta se produce, e proporcione a prestación pública articulada para atender esta necesidade.

4.2 Campo de aplicación

A través do campo de aplicación imos establecer e determinar o conxunto de persoas que quedan comprendidas no sistema español de Seguridade Social e que, polo tanto, van ser suxeitos de dereitos e obrigas. Son os que viñeron a chamarse "suxeitos protexidos".

En principio, o sistema español está orientado cara ao principio de universalidade subxectiva, de modo que no seu ámbito de protección estarían integrados todos os cidadáns. Así se deduce do art. 41 da Constitución e do art. 1 da Lei Xeral da Seguridade Social (LGSS).

Do seu estudo detallado podemos obter unha visión dos fins que persegue a Seguridade Social e do estado en que se atopa o sistema de previsión social existente no noso país. Así, o orzamento da Seguridade Social rexistrará este ano 2011 un superávit do 0,4 % do PIB, debido á diferenza entre os ingresos non financeiros (cotizacións sociais, taxas, transferencias do Estado e outros) e os gastos non financeiros (persoal, compra de bens e servizos, prestacións sociais, transferencias e inversións), como viña sucedendo nos últimos exercicios.

Incrementéntanse as cotizacións sociais e mantense a achega do Estado ao orzamento da Seguridade Social ao obxecto de facer fronte ao financiamento dos complementos das pensións mínimas, as pensións non contributivas, prestacións familiares, os servizos sociais do IMSERSO e ISM e a asistencia sanitaria prestada por INGESA.

No capítulo dos gastos este orzamento combina a moderación nos gastos de funcionamento dos servizos xestores, cun mantemento efectivo do nivel de protección e melloras sensibles para as persoas e colectivos máis necesitados, aos que se destina o 91,86 % do orzamento. Así, crecen as pensións contributivas un 3,95 %, e se amplía a acción protectora recoñecendo a prestación por cesamento de actividade aos traballadores autónomos e as continxencias profesionais no Sistema especial de Empregados de Fogar.

6 Cotización

Obxectivos

Con esta unidade preténdese:

- Establecer a relación entre a cotización e as prestacións.
- Definir quen, como e cando se cotiza e que situacións de risco son obxecto de protección a través da súa respectiva cotización.
- Desenvolver os distintos conceptos que conforman a dinámica da cotización: Base de cotización, continxencias comúns e profesionais, tipo de cotización, cotas, deducións, período de liquidación e ingreso.
- Mostrar as características especiais de cotización de cada réxime.

Contidos

- Cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social e Sistemas Especiais
- Cotización nos Réximes Especiais da Seguridade Social

Lembremos que...

- A Seguridade Social é a encargada de xestionar o sistema público de pensións.
- Á Tesourería Xeral da Seguridade Social (como caixa única do Sistema) se lle encomenda a recadación das cotas e a xestión de todos os recursos do Sistema, entre outras competencias.
- Sistema de Reparto, como solidariedade interxeracional e entre territorios.
- A fonte básica e principal de financiamento do Sistema público de pensións son as cotas que achegan os empresarios e traballadores.
- A cotización á Seguridade Social é obrigatoria.
- A obriga de cotizar nace co comezo da actividade.

6.1 Introducción

A Constitución Española establece no seu artigo 41 que, *"Os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que garante a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade"*. **A Seguridade Social**, a través das súas Entidades Xestoras (Instituto Nacional da Seguridade Social, Instituto Social da Mariña, Instituto de migración e servizos sociais, Instituto Nacional de xestión sanitaria), Entidades Colaboradoras (Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais), Servizos Comúns (Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Xerencia de Informática) e Organismos Autónomos como o Servizo Público de Emprego Estatal e o Fondo de Garantía Salarial, entre outros, **é a encargada de xestionar o sistema público de protección** que garante aos cidadáns a subsistencia ante situacións de necesidade. Esta garantía susténtase principalmente a través dos ingresos que polas cotizacións sociais aboan os empresarios e traballadores. Por iso un dos retos máis importantes do Sistema público de pensións é compaxinar que sexan suficientes para a subsistencia dos seus titulares e sustentable, é dicir, con garantía de futuro. A Tesourería Xeral da Seguridade Social (como caixa única do Sistema) é a encargada de recadar previamente e mes a mes as cotizacións sociais dos suxeitos obrigados a cotizar, co único fin de atender os riscos ou situacións de necesidade, garantindo a quen cotiza que nun

futuro obterá as mesmas prestacións que está a pagar aos que lle antecederon (Sistema denominado de Reparto, en que cada xeración soporta os seus riscos actuais e os actuais de xeracións pasadas, a cambio de que os seus futuros sexan soportados por xeracións futuras).

A fonte básica e principal de financiamento do Sistema público de pensións é a cotización en forma de **cota a pagar** polos empresarios e traballadores dos distintos Réximes que compoñen o Sistema. Segundo o Réxime no que estean incluídos pola actividade que desenvolven, así variará a forma, o modo e a contía a pagar das súas cotas obrigatorias. Unha constante e consecuencia diso é que a maior salario, maior cota e mellor pensión, en definitiva **a maior esforzo, máis retribución no futuro**.

A obriga de cotizar implica a realización das actividades necesarias mediante as que os suxeitos obrigados achegan recursos económicos ao Sistema da Seguridade Social, sendo os seus elementos básicos a base de cotización, o tipo de cotización e a cota.

A fórmula sería: $Cota = Base \times Tipo / 100 - Deducións$.

A liquidación das cotas da Seguridade Social, que fosen devindicadas durante o período a que se refire a liquidación e, no seu caso, das deducións e das recargas que procedan, efectuarase cubrindo, por parte dos suxeitos responsables da obriga de cotizar, dos documentos de cotización que determine o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Pasamos a desenvolver os distintos conceptos que conforman a dinámica da cotización.

6.2 Cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social

A cotización á Seguridade Social é obrigatoria. A obriga de cotizar nace co comezo da actividade, mantense por todo o período en que o traballador desenvolve a súa actividade e só se extingue cando se deixen de prestar os servizos sempre que se comunique a baixa en tempo e forma establecidos.

Esta obriga esténdese tamén a diversas situacións laborais nas que o contrato de traballo queda suspenso e mentres non se extinga a relación laboral como, por exemplo: A incapacidade laboral temporal (i.t.), as situacións de maternidade e paternidade, risco durante o embarazo e durante a lactación natural, períodos de permisos e licenzas que non dean lugar a excedencia, vacacións anuais non gozadas e aboadas ao extinguirse o contrato de traballo, etc.

Do mesmo modo, extinguida a relación laboral e mentres sexan beneficiarios das prestacións por desemprego, subsistirá a obriga de cotizar (O Servizo Público de Emprego Estatal asumirá a achega empresarial).

6.2.1 Suxeitos e conceptos da cotización

Neste apartado exporemos QUEN, COMO E CANDO se cotiza e QUE situacións de risco son obxecto de protección a través da súa respectiva cotización. Situacións de risco derivadas da enfermidade común e o accidente non laboral (continxencias comúns) e as situacións de risco derivadas do accidente de traballo e enfermidade profesional (continxencias profesionais).

Teñen a obriga de cotizar ao Réxime Xeral da Seguridade Social os traballadores, que en razón da súa actividade, se atopen comprendidos no seu campo de aplicación, mediante o aboamento da cota obreira, e os empresarios (cota patronal) por cuxa conta traballen aqueles. Será nulo

todo pacto individual ou colectivo polo cal un dos suxeitos obrigados a cotizar asuma ao seu cargo a obriga de pagar total ou parcialmente a cota ou parte de cota a cargo do outro.

O empresario descontará aos seus traballadores, no momento de facerlles efectivas as súas retribucións (se non as efectúa en tal momento xa non pode realizalo con posterioridade), a achega que corresponda a cada un deles (cota obreira), quedando obrigado a ingresar a totalidade das cotas (cota obreira e cota patronal) ao seu exclusivo cargo. É dicir, o suxeito responsable do pagamento ou cumprimento da obriga de cotizar é o empresario, que deberá ingresar na súa totalidade tanto as achegas propias como a dos seus traballadores. O empresario que, habendo descontado aos seus traballadores as cotas que lles corresponden, non as ingrese dentro de prazo, incorrerá en responsabilidade ante eles e ante as Entidades Xestoras afectadas, sen prexuízo das responsabilidades penal e administrativa que procedan.

As situacións de risco que mediante a cotización quedan protexidas son:

- CONTINXENCIAS COMÚNS; A cuxo financiamento contribúen tanto os empresarios como os traballadores co fin de dar cobertura ás situacións de necesidade que puidesen derivarse de: **Incapacidade laboral temporal** por enfermidade común ou accidente non laboral, as prestacións de **xubilación, incapacidade e morte e supervivencia** (prestacións de viuvez, orfandade, auxilio por defunción, pensión e subsidio en favor de familiares) por enfermidade común ou accidente non laboral, **protección á familia, prestacións farmacéuticas, asistencia sanitaria** así como as situacións de **maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e durante a lactación natural**.
- CONTINXENCIAS PROFESIONAIS; Coa finalidade de **dar cobertura ás situacións de necesidade derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais**. A cotización completa correrá a cargo exclusivamente dos empresarios. Esta cotización comprenderá o pagamento de dúas primas, unha para a situación de incapacidade temporal e outra para a invalidez, morte e supervivencia (prestacións de viuvez, orfandade, auxilio por defunción, pensión e subsidio en favor de familiares)
- HORAS EXTRAORDINARIAS; A remuneración que obteñan os traballadores en conceptos de horas extraordinarias, con independencia da súa cotización a efectos das continxencias por accidente de traballo e enfermidade profesional, Desemprego, Fondo de Garantía Salarial e Formación Profesional (non se teñen en conta para a base de cotización por continxencias comúns), estará suxeita a unha cotización adicional, destinada a incrementar os recursos xerais do Sistema da Seguridade Social. Esta cotización adicional comprenderá dúas achegas: a empresarial e a obreira
- Xunto coas cotas propiamente ditas, recádanse "Outras cotizacións" que responden a conceptos específicos:
 - a) Desemprego; Para a cobertura deste risco. Empresario e traballador serán os suxeitos obrigados ao seu pagamento.
 - b) Fondo de Garantía Salarial (FOGASA); É un organismo que garante aos traballadores a percepción de salarios, indemnizacións por despidos ou extinción da relación laboral, pendentes de pagamento por insolvencia, suspensión de pagamentos, quebra ou concurso de acredores do empresario, beneficiando así a calquera traballador cun contrato laboral. Esta cota correrá a cargo exclusivo do empresario.
 - c) Formación Profesional; A cota patronal e obreira recadada por tal concepto se destinan a fins de formación, reciclaxe, recualificación e reclasificacións profesionais.

6.2.2 Bases de cotización

A base de cotización é a cantidade establecida de acordo coas normas aplicables sobre a cal se aplica a porcentaxe (tipo de cotización) que corresponda para cuantificar a obriga de cotizar (cota).

6.2.2.1 Composición da base de cotización

A Lei Xeral da Seguridade Social establece que: *"A base de cotización para todas as continxencias e situacións amparadas pola acción protectora do Réxime Xeral, incluídas as de accidente de traballo e enfermidade profesional, estará constituída pola remuneración total, calquera que sexa a súa forma ou denominación, que con carácter mensual teña dereito a percibir o traballador, ou a que efectivamente perciba de ser esta superior, por razón do traballo que realice por conta allea". "As percepcións de vencemento superior ao mensual (Pagas extraordinarias entre outras) ratearanse ao longo dos 12 meses do ano.*

Hai que ter en conta dúas circunstancias:

- O **establecemento de límites** mínimos e máximos nas bases de cotización.
- E a **exclusión total ou parcial dalgunhas percepcións salariais**, ben porque retribúan conceptos extrasalariais (indemnizacións por traslados, suspensións, despidos e cesamentos, percepcións por matrimonio, indemnizacións por falecemento ou melloras voluntarias nas prestacións que outorga a Seguridade Social) os cales estarán excluídos da base de cotización, ou ben, porque estas percepcións salariais compensen gastos relacionados co traballo (dietas, desgaste de ferramentas, prendas de traballo e quebranto de moeda, plus de distancia e plus de transporte urbano, gastos de locomoción, etc.), que estarán supeditadas ao Regulamento do Imposto da Renda das Persoas Físicas, de maneira que o exceso sobre os límites sinalados no mesmo computaranse na base de cotización, excluíndose, polo tanto, unha cantidade predeterminada.

6.2.2.2 Determinación da base de cotización por continxencias comúns

Fixados os conceptos computables a efectos de cotización, con exclusión das horas extraordinarias (que si se computarán para a base de cotización por Continxencias Profesionais, Desemprego, Fondo de Garantía salarial e Formación Profesional), haberán de terse en conta as seguintes normas regulamentarias:

- a) Computarase a **remuneración devindicada no mes** a que se refira a cotización.
- b) Á remuneración computada conforme á norma anterior, **engadirase a parte proporcional das gratificacións extraordinarias establecidas e de aqueles outros conceptos retributivos que teñan unha periodicidade na súa devindicación superior á mensual** ou que non teñan carácter periódico e se satisfagan dentro do exercicio económico do ano en curso. A tal efecto, o importe anual estimado destas gratificacións extraordinarias e demais conceptos retributivos dividirase por 365, e o cociente que resulte multiplicarase polo número de días que comprenda o período de cotización de cada mes. No caso de que a remuneración que corresponda ao traballador teña carácter mensual, o indicado importe anual dividirase por 12.
- c) Se a base de cotización que resulte de acordo coas normas anteriores non estivese comprendida entre a contía da **base mínima e da máxima** correspondente ao grupo de cotización da categoría profesional do traballador, cotizarase pola base mínima ou máxima, segundo que a resultante sexa inferior a aquela ou superior a esta. A

indicada base mínima será de aplicación calquera que fose o número de horas traballadas diariamente, agás naqueles supostos en que por disposición legal se establece o contrario (ex. contratos a tempo parcial).

Bases máximas e mínimas.

Conforme ao establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, en canto ás bases máximas e á Lei Xeral da Seguridade Social, respecto á base mínima (salario mínimo interprofesional vixente, incrementado nun sexto), as bases de cotización estarán limitadas para cada grupo de categorías profesionais ás contías que figuran na Orde Ministerial que se publica cada ano:

GRUPO	CATEGORÍA PROFESIONAL
1	Enxeñeiros e licenciados
2	Enx. Técnicos, Peritos e Ax. Titulados
3	Xefes administrativos e de taller
4	Axudantes non titulados
5	Oficiais administrativos
6	Subalternos
7	Auxiliares administrativos
8	Oficiais de 1ª e 2ª
9	Oficiais de 3ª e especialistas
10	Maiores de 18 anos non cualificados
11	Traballadores menores de 18 anos

Tipo de cotización.

O tipo de cotización é a **porcentaxe que se aplica á base de cotización**, sendo o resultado a cota ou importe a pagar. Os tipos de cotización serán os que estableza a correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada exercicio económico.

6.2.2.3 Determinación da base de cotización por continxencias profesionais.

A base de cotización para estas continxencias calcúlase de igual forma que en continxencias comúns, se ben coa particularidade de que **se engaden as cantidades aboadas en concepto de horas extraordinarias**. A Orde Ministerial sobre cotización indica que "Para determinar a base de cotización correspondente a cada mes polas continxencias de accidente de traballo e enfermidades profesionais, aplicaranse as normas a) e b) do apartado anterior (Base de cotización por continxencias comúns) coa inclusión dos importes percibidos polas horas extraordinarias. A cantidade que así resulte non poderá ser superior ao tope máximo nin inferior ao tope mínimo correspondente, calquera que sexa o número de horas traballadas diariamente, agás naqueles supostos en que por disposición legal se establece o contrario (ex. contratos a tempo parcial)".

Bases máximas e mínimas.

O tope máximo desta base de cotización será fixado cada ano. En canto ao tope mínimo será equivalente ao salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, incrementado polo pro rateo das percepcións de vencemento superior ao mensual que perciba o traballador, sen que poida ser inferior a unha cantidade fixada anualmente.

Tipo de cotización.

Para as contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse as porcentaxes da tarifa de primas establecidas na lexislación vixente. O tipo de cotización aplicable será o correspondente á actividade económica principal desenvolvida pola empresa, conforme á Clasificación Nacional de Actividades Económicas, e aos códigos que na mesma se conteñen en relación con cada actividade.

Estas primas non son iguais, por un lado, terán unha cotización específica segundo a actividade económica da empresa e, por outro, poderán reducirse no suposto de empresas que se distingan no emprego de medios eficaces de prevención e, no seu caso, aumentarse para empresas que incumpran as súas obrigas en materia de seguridade e hixiene no traballo, todo iso nos supostos e condicións que determine o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

6.2.2.4 Cotización adicional por horas extraordinarias

Por hora extraordinaria enténdese cada hora de traballo efectivo que se realice sobre a duración máxima da xornada ordinaria de traballo establecida legalmente, ou pactada en convenio colectivo ou contrato de traballo. A cotización adicional por horas extraordinarias estará determinada pola aplicación do tipo (%) que corresponda, en función da natureza destas horas (por forza maior e o resto de horas extras non comprendidas como de forza maior), pola remuneración total percibida polo traballador por este concepto e sen suxeición a topes máximo ou mínimo.

6.2.2.5 Base de cotización a desemprego, fondo de garantía salarial e formación profesional

A base de cotización para estas situacións será a correspondente á **base de cotización calculada para as contingencias profesionais**

Os tipos de cotización por Desemprego, Fondo de Garantía Salarial e Formación Profesional determínanse anualmente.

6.2.3 Deducións das cotas

Son minoracións na cota que resultan da aplicación de determinadas porcentaxes ou cantidades fixas á mesma e que teñen como finalidade a redución dos custos de Seguridade Social das empresas e a potenciación do acceso de determinados colectivos ao mercado laboral, como medida de fomento do emprego.

As fórmulas utilizadas son **reducións e bonificacións** na cotización. Aínda que ambas coinciden na forma, diminuír a cota patronal, difiren en que as reducións van a cargo do orzamento da Seguridade Social, mentres que as bonificacións son soportadas polo orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.

A modo de exemplo podemos destacar algúns dos colectivos cuxa contratación veu sendo bonificada nos sucesivos Programas de fomento do emprego: Mulleres, mozos, maiores, persoas con discapacidade, parados de longa duración, persoas en situación de exclusión social así como con carácter xeral, en actividades económicas e zonas xeográficas concretas.

6.2.4 Período de liquidación e ingreso das cotas

É o prazo ao que están referidas as bases e tipos de liquidación para a determinación da cota obxecto da obriga de cotizar a efectos do seu pagamento ou cumprimento. Agás que se establezan ou se autoricen expresamente liquidacións por períodos superiores ou inferiores nos termos e condicións que determinen o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, os períodos de liquidación de cotas estarán referidos a **mensualidades naturais completas**, aínda que a devindicación daquelas e/ou o seu pagamento se efectúen por períodos distintos a meses.

As liquidacións de cotas referidas a conceptos retributivos, incluídos na base de cotización pero que se teñan dereito a percibir por períodos superiores ao mensual ou que non teñan carácter periódico e se satisfagan dentro do correspondente exercicio económico, ratearanse nas liquidacións mensuais deste exercicio (Ex.: Pagas extraordinarias). De igual maneira liquidaranse, no seu caso, aquelas gratificacións que non puidesen ser obxecto de cuantificación anticipada, total ou parcialmente, para os efectos do pro rateo.

Os conceptos retributivos que se perciban con carácter retroactivo serán obxecto de liquidacións complementarias, relacionando separadamente as bases de cotización para cada mes, conforme ás bases, os tipos e demais condicións vixentes nos meses a que correspondan os salarios.

As cotas da Seguridade Social e demais conceptos que se recaden conxuntamente con aquelas, **ingresarán dentro do mes seguinte** ao que corresponda a súa devindicación.

6.2.5 Situacións e supostos especiais de cotización

O indicado ata agora sobre cotización no Réxime Xeral constitúe os seus principios xerais, non obstante, poden adecuarse en función de determinadas situacións:

- Cotización durante as situacións de **Incapacidade temporal (i.t.), Risco durante o embarazo, Risco durante a lactación natural, Maternidade e Paternidade**.

Durante estas situacións, continuará a obriga de cotizar. O contrato atópase suspendido (non se perciben salarios, sendo as prestacións substitutivas incompatibles con aqueles), sen embargo, non subsistirá a obriga de cotizar durante os períodos indicados respecto de aqueles traballadores cuxa relación laboral se extingue (finalización do contrato de traballo) durante estas situacións con independencia do mantemento, no seu caso, do dereito ao subsidio correspondente ata a extinción legal do mesmo.

Nas situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, maternidade e paternidade, a base de cotización aplicable, a efectos das continxencias comúns e profesionais, será a correspondente ao mes anterior ao da data en que se inicien estas prestacións coa salvidade de que as horas extraordinarias a ter en conta para a base de cotización por continxencias profesionais serán as efectivamente realizadas e cotizadas durante o ano inmediatamente anterior á data de iniciación desta situación. A tal efecto, o importe total desas horas dividirase entre 12 ou 365, segundo sexan retribucións mensuais ou diarias.

- **Permisos e Licenzas sen soldo**(sen dar lugar á excedencia).

Nestas situacións e mentres o traballador permaneza en situación de alta e se manteña a obriga de cotizar, sen que reciba retribucións computables, tomarase como base de cotización a efectos de continxencias comúns a mínima correspondente ao grupo da súa categoría profesional. Con respecto á cotización polas continxencias de accidente de traballo e enfermidade profesional aplicarase o tope mínimo de cotización establecido.

- **Contratos para a Formación.**

Ten por finalidade a cualificación profesional dos traballadores, maiores de 16 e menores de 25 anos, nun réxime de alternancia de actividade laboral retribuída nunha empresa con actividade formativa recibida no marco do sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

A cotización consistirá nunha cota única mensual, calquera que sexa o número de días en alta do traballador neste mes e do salario percibido.

A acción protectora da Seguridade Social comprenderá todas as continxencias, situacións protexibles e prestacións, incluído o desemprego. Así mesmo, terase dereito á cobertura do Fogasa.

6.3 Integración dos Réximes Especiais de Empregados de Fogar e de Traballadores Agrarios por conta allea dentro do Réxime Xeral da Seguridade Social

6.3.1 Sistema Especial para Empregados de Fogar

- A partir do 1 de xaneiro de 2012, o titular do fogar familiar para quen o traballador realice labores domésticas, deberá inscribirse como empregador na Seguridade Social e dar de alta á persoa que presta servizos, calquera que sexa o número de horas, e declarando, entre outros extremos, a retribución mensual que aboa á mesma.
- A cotización estará en función das retribucións percibidas. En todos os casos o responsable do ingreso, tanto das achegas do empregador como as do traballador, será sempre o empregador.
- O procedemento de ingreso realizarase, de maneira obrigatoria, mediante domiciliación bancaria ou cargo en conta.
- A acción protectora que outorga este Sistema, dentro do Réxime Xeral ao que pertence, non comprenderá a correspondente a desemprego.

6.3.2 Sistema Especial de Traballadores por conta allea Agrarios

- No mesmo quedarán incluídos os traballadores por conta allea que figuren incluídos no Réxime Especial Agrario o día 31 de decembro de 2011, así como os empresarios aos que presten os seus servizos. Así mesmo, quedarán integrados no Réxime Xeral da Seguridade Social os traballadores por conta allea que, no sucesivo, realicen labores agrarios, sexan propiamente agrícolas, forestais ou pecuarios ou sexan complementarios

ou auxiliares dos mesmos en explotacións agrarias, así como os empresarios aos que presten os seus servizos.

- A cotización rexerase pola normativa vixente no Réxime Xeral, distinguíndose entre períodos de actividade e de inactividade e coas seguintes particularidades:
 - o Durante os períodos de actividade a cotización poderá efectuarse por bases diarias, en función das xornadas reais realizadas, ou por bases mensuais, a cal resultará obrigatoria para os traballadores agrarios con contrato indefinido. O empresario será o suxeito responsable do cumprimento da obriga de cotizar e de comunicar as xornadas reais realizadas. A liquidación e ingreso das cotas por continxencias profesionais correrá a cargo exclusivo do empresario.
 - o Durante os períodos de inactividade a cotización terá carácter mensual e correrá a cargo exclusivo do traballador.
 - o Durante as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, así como de maternidade e paternidade causadas durante os períodos de actividade, o empresario debera ingresar unicamente as achegas ao seu cargo. As achegas a cargo do traballador serán ingresadas pola entidade que efectúe o pagamento directo das prestacións correspondentes ás situacións indicadas.
- Os traballadores incluídos no Sistema Especial terán dereito ás prestacións da Seguridade Social nos mesmos termos e condicións que no Réxime Xeral, coas particularidades concretas que se sinalan nos apartados seguintes:
 - o Durante os períodos de actividade, terán dereito a todas as prestacións establecidas no Réxime Xeral.
 - o Non obstante, durante os períodos de inactividade, a acción protectora comprenderá exclusivamente as prestacións económicas por maternidade, paternidade, incapacidade permanente e morte e supervivencia derivadas de continxencias comúns, así como xubilación.

6.4 Cotización nos Réximes Especiais da Seguridade Social

Neste apartado veremos aqueles aspectos da cotización dos Réximes Especiais que lle son propios.

6.4.1 Réxime Especial dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos (RETA)

A base mensual de cotización poderá ser elixida (con determinadas limitacións) polo propio traballador dentro dunha escala fixada pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado, entre unha base mínima e unha base máxima que coincide co tope máximo da base de cotización do Réxime Xeral. Esta base pode modificarse a vontade do traballador, elixindo outra, dentro dos límites mínimo e máximo aplicables en cada exercicio, sempre que así o soliciten da Tesourería Xeral da Seguridade Social. Non obstante o autónomo con 50 ou máis anos de idade terá un tope máximo de cotización minorado co fin de evitar unha elevación drástica da base de cotización nos anos que conforman a base reguladora a efectos da prestación de xubilación.

O **tipo de cotización xeral** aplicable á base de cotización elixida polo traballador fixarase anualmente. Non obstante, cando o interesado non se acollese á protección por incapacidade temporal (continxencia obrigatoria agás nos casos en que este traballador estea de alta noutro Réxime da Seguridade Social que teña esta cobertura), o tipo de cotización variará. As continxencias por accidentes de traballo e enfermidade profesional contémpanse como unha mellora voluntaria á que unicamente poderán optar aqueles traballadores do RETA que optasen pola prestación económica por incapacidade temporal, sendo de aplicación á base de cotización elixida, a tarifa de primas establecidas para este Réxime. Os traballadores que non optasen pola cobertura das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, efectuarán unha cotización adicional sobre a base de cotización elixida, para o financiamento das prestacións por risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, no caso de traballadores incluídos no Sistema Especial de Traballadores por Conta Propia Agrarios.

Co fin de beneficiar a algúns colectivos á hora de emprender unha actividade laboral, ben pola súa xuventude (ata 30 anos/en mulleres 35) ou por reincorporación tras a maternidade, discapacidade, así como con carácter xeral, en actividades económicas e zonas xeográficas concretas ou por cumprir 65 anos de idade e seguir na actividade laboral, establécense **beneficios na cotización** (bonificacións, reducións e exoneracións de cotas).

Neste Réxime Especial a liquidación das cotas debe efectuarse por períodos mensuais completos que coinciden cos meses naturais, e o seu importe se ingresa **dentro do mesmo mes** a que aquelas correspondan.

Dende o 6 de novembro de 2010, este Réxime Especial goza da prestación por “cesamento de actividade” para aqueles que teñan cuberta as continxencias profesionais e cesen na actividade que viñan desenvolvendo. A prestación é económica e a súa duración está en función dos períodos de cotización efectuados.

6.4.2 Réxime Especial do Mar

Existencia de tres grupos de cotización: A efectos de cotización, os traballadores comprendidos neste réxime especial clasifícanse en tres grupos, en función das toneladas de rexistro bruto (TRB) das embarcacións nas que presten os seus servizos. No primeiro grupo inclúense os traballadores por conta allea retribuídos a salario ou á parte que prestan servizos en embarcacións de máis de 150 TRB, é dicir, todos os traballadores da mariña mercante e dos grandes pesqueiros. No grupo segundo, inclúense os traballadores por conta allea retribuídos á parte que prestan servizos tanto en embarcacións pesqueiras de máis de 10 TRB e ata 50 TRB (Grupo II-A) como os que prestan os seus servizos en embarcacións de máis de 50 TRB e ata 150 TRB (Grupo II-B). E, por último, no terceiro grupo están integrados os traballadores por conta allea retribuídos á parte que prestan servizos en embarcacións de ata 10 TRB e os traballadores por conta propia.

Coeficientes correctores. Para os grupos segundo e terceiro aplícase un coeficiente corrector sobre a súa base de cotización por continxencias comúns e por desemprego, co que a cota a ingresar é menor. Estes coeficiente correctores son de 2/3 para o grupo II A, 1/2 para o grupo II B e de 1/3 para o grupo III. Non obstante, a efectos do cálculo das prestacións da Seguridade Social tómase en consideración a base completa, sen aplicación do coeficiente corrector.

Bases de cotización únicas: As bases de cotización dos traballadores incluídos nos grupos II e III son únicas e determínanse anualmente por provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais, sobre a base dos valores medios de remuneración percibida no ano anterior. Estas bases únicas non poderán ser inferiores ás bases mínimas que se establezan cada ano para as distintas categorías profesionais.

7 Servizos e medios para relacionarse coa administración da Seguridade Social

Obxectivos

Con esta unidade preténdese:

- Dar a coñecer os Servizos de Atención da Administración da Seguridade Social, a forma de contactar e as xestións que poden realizarse a través dos mesmos, dunha forma clara e didáctica.
- Describir brevemente os servizos ofrecidos, medios empregados e compromisos de calidade asumidos na atención presencial aos cidadáns.

Contidos

- Catálogo de servizos que se prestan.
- Os medios de relación coa Administración da Seguridade Social.
- A Calidade nos servizos e a participación dos cidadáns na mellora dos mesmos.

Lembremos que...

- O servizo aos cidadáns é o principio básico que xustifica a existencia da Administración Pública e, polo tanto, da Seguridade Social. Principio que debe presidir toda a súa actividade, cuxas bases son os principios de transparencia e participación.
- A Seguridade Social ten unha gran experiencia nos servizos de atención ao cidadán que se prestan a través de 3 canles, o telemático, o telefónico e o presencial, todos eles están plenamente consolidados.
- O uso destes servizos está ao alcance de todos os cidadáns, posto que son accesibles e de fácil manexo.
- A Seguridade Social é unha Administración próxima e moderna, onde se potencian a innovación e as últimas tecnoloxías para dar un mellor servizo ao cidadán.
- É unha Administración proactiva, que intenta anticiparse ás necesidades da sociedade.
- Existe un trámite telemático, o Sistema RED, que consolidouse como o mellor expoñente de servizos telemáticos a empresas.
- A Administración da Seguridade Social establece compromisos de calidade dos seus servizos a través das Cartas de Servizos e mide o grao de satisfacción dos seus clientes a través dos cuestionarios de avaliación e as queixas e suxestións.

7.1 Catálogo de servizos

O cidadán pode dirixirse á Administración da Seguridade Social para obter os seguintes servizos:

- Servizos específicos da TGSS.
- Servizos específicos do INSS.
- Servizos específicos do ISM.

7.1.1 Servizos específicos da Tesourería Xeral da Seguridade Social

- Inscripción de empresas e asignación de código/s de Conta de Cotización Principal e Secundarios.
- Apertura, variación e baixa de Códigos de Conta de Cotización.
- Variacións de datos e baixa de empresarios.
- Opción da cobertura de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, se a mesma se realiza co Instituto Nacional da Seguridade Social, así como, no seu caso, a opción de cobertura de incapacidade temporal coa mesma Entidade.
- Xestión da colaboración na prestación económica da incapacidade temporal.
- Asignación de Número da Seguridade Social.
- Altas, baixas e variación de datos de traballadores nos distintos réximes que compoñen o Sistema da Seguridade Social.
- Opción da cobertura de incapacidade temporal e/ou de accidentes de traballo e enfermidade profesional nos traballadores por conta propia en que se permite esta posibilidade.
- Anotación Teléfono e Correo Electrónico do Empresario.
- Xestión de traballadores desprazados a realizar unha actividade a outro país.
- Tramitación e resolución de Convenios Especiais nas súas diferentes clases, con obxecto de manter a cobertura de Seguridade Social en función das distintas prestacións cubertas polos mesmos.
- Informes de vida laboral e de situación aos traballadores, polo medio establecido.
- Informes de vida laboral e empresa a aquelas que o solicitan, polo medio establecido.
- Confección de boletíns de cotización daquelas empresas, con menos de 10 traballadores, que así o soliciten.
- Xestión de liquidacións que arroxen saldo acredor a favor do suxeito responsable, por ter realizado as compensacións ou deducións a que teñan dereito, e que poden presentarse a través da canle telemática ou presencial nas Administracións da Seguridade Social.
- Devolución de ingresos indebidos: Información a empresas e traballadores sobre a formalización de solicitudes e documentación a achegar, comprobación ingreso indebido e resolución.
- Tramitación das solicitudes de aprazamento de pagamento das débedas contraídas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, cando os suxeitos responsables non poden facer fronte ao ingreso correspondente, así como o seguimento do cumprimento dos aprazamentos concedidos.
- Xeración, emisión e notificación de reclamacións de débeda e das providencias de prema que inician a vía executiva, así como o seguimento das mesmas ata o seu cobro, anulación ou data.
- Actos de xestión recadatoria de Actas de liquidación e Actas de infracción.
- Expedición de informes de bases de cotización de carácter anual aos traballadores do Réxime Xeral e Especial do Mar coas bases de cotización declaradas polas empresas nas que prestan servizos durante o exercicio anterior.
- Remisión anual das bases de cotización dos últimos 15 anos aos traballadores que teñan 60 ou máis anos.
- Expedición de informes e certificados sobre situación de cotización.
- Expedición de certificados de ingresos de cotas no exercicio económico.
- Cambios de datos de cotización de traballadores.
- Solicitudes de distribución de topes de cotización por pluriemprego.
- Resolución de alegacións e recursos sobre reclamacións de débeda e providencias de prema.

7.1.2 Servizos específicos do Instituto Nacional da Seguridade Social

- Xestión, tramitación, resolución e ordenación do pagamento de pensións: Xubilación, Incapacidade Permanente, Viuvez, Orfandade e en favor de familiares.
- Xestión, tramitación, resolución e ordenación do pagamento de pensións en aplicación de normativa internacional.
- Xestión, tramitación, resolución e ordenación do pagamento de subsidios: Incapacidade Temporal por enfermidade común ou profesional, accidente non laboral, accidente de traballo, maternidade, incluído o subsidio especial por parto ou adopcións múltiples, paternidade, risco durante o embarazo e durante a lactación natural, prestacións familiares por fillo menor acollido a cargo, auxilio por defunción.
- Tramitación de indemnizacións: Lesións permanentes non invalidantes por accidente de traballo e enfermidade profesional. Incapacidade permanente parcial. Falecemento por accidente de traballo e enfermidade profesional.
- Xestión, trámite, resolución e ordenación do pagamento do Seguro Escolar.
- Xestión, tramitación e ordenación do pagamento das prestacións derivadas do Síndrome tóxico.
- Recepción de partes de baixa e alta cando os traballadores se atopan en situación de IT e a cobertura do risco corresponde ao INSS.
- Valoracións médicas para decidir a prórroga de Incapacidade Temporal, as determinacións de continxencia, o risco durante o embarazo...
- Trámite das recargas por falta de medidas de seguridade e hixiene no traballo.
- Resolución de reclamacións en materia de pensións e subsidios.
- Trámite de expedientes informativos previos á xubilación.
- Expedición de tarxetas sanitarias europeas.
- Recepción e comprobación das peticións, modificacións e incidencias que afecten aos pensionistas e perceptores de subsidios.
- Emisión de certificados de pensións e subsidios.
- Emisión e revogación de certificados dixitais
- Información xeral sobre as prestacións da Seguridade Social e os seus trámites.
- Xestión das peticións, modificacións e incidencias de todo tipo que afecten aos pensionistas.
- Xestión das peticións, modificacións e incidencias que afecten aos perceptores de prestacións.
- Xestión e emisión de formularios de dereito para desprazarse aos países cos que España teña suscrito un convenio bilateral en materia de asistencia sanitaria.
- Presentación e trámite de queixas e suxestións.
- Tramitación automatizada das pensións de acordo coa revalorización anual conforme ao IPC previsto.
- Envío domiciliario das notificacións da revalorización de pensións, a extinción ou modificación do importe de asignacións por fillo menor acollido a cargo.
- Expedición das certificacións das retencións efectuadas a conta do imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF).
- Facturación Internacional do gasto sanitario orixinado polos asegurados doutros Estados en estada temporal en España.
- Participación e negociación nos Convenios Bilaterais que en materia de Seguridade Social subscribe España.

7.1.3 Servizos específicos do Instituto Social da Mariña

- Xestión do Réxime Especial dos Traballadores do Mar.

- Asistencia sanitaria a bordo no estranxeiro mediante: Centro Radio-Médico, Banco de Datos, Centros no Estranxeiro e Buques Sanitarios.
- Formación Sanitaria mediante a Guía Sanitaria a Bordo, Recoñecementos Médicos de Embarque Marítimo, Inspección e Control dos medios sanitarios a bordo, etc.
- Formación e promoción Profesional impartidas nos seus dous Centros Nacionais de Formación Marítima e nas Direccións Provinciais.
- Programas Formativos e de Cooperación Técnica Internacional.
- Asistencia aos traballadores a bordo ou nos portos (nacionais e estranxeiros) en cumprimento do Convenio 163 e Recomendacións 138 e 173 da Organización Internacional do Traballo (OIT).
- En cumprimento do Convenio 9 da OIT as accións competentes ao Servizo Público de Emprego respecto do sector do mar.

7.1.3.1 Outros servizos do ISM

O Instituto Social da Mariña é unha entidade de dereito público, con personalidade xurídica propia, de ámbito nacional, encadrado na Secretaria de Estado da Seguridade Social do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, coa dobre misión de atender a protección e problemática social do sector marítimo-pesqueiro, e de xestionar o Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.

O colectivo dos traballadores do mar diferénciase dos demais sectores da produción polas súas condicións de illamento, perigosidade e mobilidade, que derivan, fundamentalmente, da natureza do traballo no mar e da do propio buque, onde a vida laboral do traballador transcorre integramente durante períodos dilatados de tempo, exceptuando a maior parte da flota de baixura.

Illamento: no barco o traballador desenvolve todas as actividades persoais, laborais e sociais. O barco delimita un espazo illado e reducido, no que as persoas desconectadas do seu ambiente social e illadas do seu medio familiar por períodos de tempo prolongados, están inmersas nunha convivencia imposta, non elixida libremente, sen horario de traballo definido, e suxeitas a un réxime disciplinario durante as vinte e catro horas do día.

Perigosidade: durante o período laboral os traballadores están sometidos a un alto risco derivado da permanente exposición aos perigos do mar e á dureza das condicións en que se desenvolve a vida a bordo: horarios de traballo prolongados, estados da mar, gardas, inclemencias do tempo, exposicións a ruídos elevados...

Mobilidade: a condición de centro de traballo móbil do barco, que varía en función da súa envergadura e das necesidades da explotación, expón á xente do mar a incesantes alteracións dos sincronizadores biolóxicos polos continuos cambios de latitude e lonxitude (sono/vixilia e hábitos alimenticios); a atopar nos portos, sobre todo no estranxeiro, perigos ou dificultades especiais; e nun caso extremo, ao risco de abandono por calquera causa: fin de contrato, enfermidade, abandono do buque, naufraxio, etc.

Estas continxencias e situacións específicas nas que se pode ver envolto o traballador do mar determinan que, independentemente da xestión do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, o Instituto Social da Mariña despregue unha serie de actuacións que garanten a protección dos traballadores do mar, e que se encadran nas seguintes áreas:

Sanidade Marítima

Ten como finalidade garantir a saúde e prestar atención sanitaria aos traballadores do mar embarcados, e no estranxeiro. A singularidade propia do sector determina as diferenzas que caracterizan a prestación do servizo de Sanidade Marítima, que se asenta sobre dous piares básicos de actuación: o nivel preventivo e o nivel asistencial.

O nivel preventivo comprende catro accións básicas: o recoñecemento médico previo ao embarque, a formación sanitaria, as campañas de prevención e o apoio médico respecto ao control das condicións hixiénico-sanitarias dos buques e das boticas de primeiros auxilios.

O recoñecemento médico previo ao embarque merece especial atención porque é obrigatorio superalo para traballar a bordo do buque.

Estes recoñecementos gratuítos realízaos o Instituto Social da Mariña en función do posto de traballo, periodicidade e continuidade. Deben garantir que o traballador non padeza enfermidade algunha susceptible de agravarse no mar, que o incapacite para o servizo, e que represente un perigo para a saúde do resto da tripulación. A través de terminais informáticas, conectadas cun único Banco de Datos situado nos Servizos Centrais do Instituto Social da Mariña, introdúcese a información dos historiais médicos, que poden ser consultados nas unidades asistenciais.

A formación sanitaria é outra actividade fundamental para o desenvolvemento do programa, xa que forma en primeiros auxilios a todos os tripulantes e capacita aos oficiais responsables sanitarios dos buques na correcta utilización da botica de primeiros auxilios, e no debido uso da “Guía sanitaria a bordo”, instrumento imprescindible para realizar a consulta co centro Radio-Médico de forma clara e eficaz.

O nivel Asistencial desenvólvese mediante as seguintes unidades operativas:

O Centro Radio-Médico, que presta un servizo asistencial a través de radio consulta. Un facultativo, especialmente formado nesta materia e cun coñecemento amplo do mundo marítimo, emite un diagnóstico médico en resposta á consulta realizada dende calquera parte do mundo. Atende consultas durante as 24 horas do día, todos os días do ano, e dispón de acceso directo ao Banco de Datos onde están rexistrados os historiais médicos dos traballadores, dispoñendo así dos antecedentes sanitarios para a adecuada atención ao tripulante que motiva a consulta. O seu labor non finaliza ata que o paciente é dado de alta ou ingresado nun centro hospitalario. No caso de que o hospital estea fóra do territorio nacional manterase o seguimento ata a súa repatriación.

Como centro de posible emerxencia atópase conectado co Centro Nacional de Coordinación de Salvamento Marítimo da Sociedade Estatal de Salvamento Marítimo, por se, nun momento determinado, fose necesaria evacuar a enfermos ou accidentados.

Os Buques Sanitarios e de Apoio Loxístico “ESPERANZA DEL MAR”, e “JUAN DE LA COSA”, están deseñados como buques asistenciais en torno a un hospital, que ocupa unha cuberta completa dende proa, e con acceso directo ao heliporto, para facilitar o transporte de enfermos. Equipados cos últimos avances técnicos, dispoñen de quirófano, laboratorio, sala de exploracións Rx, coidados intensivos, sala de illamento e zona para náufragos.

O apoio sanitario que prestan estes dos buques - un pola zona marítima correspondente á costa occidental de África ata augas de Mauritania e Senegal, e outro no Atlántico Norte entre as Illas Azores e o Golfo de Biscaia- ten diferentes modalidades de atención, en razón da patoloxía que en cada momento se presente. En tal sentido, pódense realizar consultas médicas por radio, consultas ambulatorias a bordo, desprazamento do equipo sanitario aos buques demandantes, hospitalizacións na clínica de a bordo e evacuacións sanitarias cando a situación así o requira.

Independentemente destas actividades sanitarias, ambos buques realizan asistencias de apoio loxístico aos buques que o precisen cando estea afectada a súa seguridade, como servizos de remolque e subministros, apoio de mergulladores e reparacións de emerxencia.

Os centros asistenciais no estranxeiro, situados nos lugares xeográficos de maior confluencia das flotas: NOUADHIBOU (Mauritania), DAKAR (Senegal), WALVIS BAY (Sudáfrica) e o Centro do ÍNDICO con sedes temporais en PORT VICTORIA (Illas Seychelles)-MOMBASA (Kenya)-DIEGO SUÁREZ (Madagascar), cumpren funcións de asistencia sanitaria e social con profesionais e facultativos nacionais.

Servizos Sociais

Unha vez producidos, e a punto de culminar en todas as Comunidades Autónomas, os traspasos das funcións e servizos sociais que viña desempeñando o Instituto Social da Mariña, o seu ámbito de actuación queda delimitado á atención dos traballadores do mar, que no desempeño do seu exercicio profesional se atopen apartados do seu medio sociofamiliar, mediante a contribución ao seu desenvolvemento persoal, con instrumentos que palíen o seu illamento das redes culturais, e dos ámbitos educativos, formativos, de promoción profesional e de participación na vida política, social e comunitaria.

Co fin de cumprir os obxectivos sociais no novo marco trabállase na actualización dos servizos sociais existentes e na definición de novas actuacións, considerando as particulares condicións do sector, especialmente, en canto a illamento e a mobilidade.

Nesta liña actualizáronse os servizos de:

- Asistencia no estranxeiro aos traballadores do mar en casos de abandono por empresas insolventes, por apresamento, naufraxios e outros análogos, procedendo ao seu sostemento e restitución ao seu lugar de residencia.
- Asistencia no territorio nacional aos traballadores do mar nacionais ou estranxeiros transeúntes, que a consecuencia de naufraxio, accidente ou calquera outra causa xustificada, poidan requirir atencións urxentes.

Séguese promovendo a creación das “Xuntas de benestar en porto” e colabórase coas xa existentes. Periodicamente publícanse “Guías do porto” con información sobre o porto e a cidade para os traballadores en arribada.

Trabállase na posta en marcha de novos servizos, entre os que procede sinalar o centro de radio-asistencia social.

Como complemento da acción protectora da Seguridade Social, o Instituto Social da Mariña concede prestacións asistenciais para atender as seguintes situacións específicas do traballo no mar:

- Perda de equipaxe individual a consecuencia de naufraxio ou accidente de mar.
- Falecemento a bordo ou desaparición.
- Traslado de cadáveres.

Formación

O Instituto Social da Mariña ofrece ao traballador do mar as accións formativas necesarias para asegurar o seu nivel de competencia, para reforzar a estabilidade no emprego e para dotar aos buques de tripulacións competentes. Esta formación impártese en conformidade cos Convenios e Normas Internacionais relativos á seguridade marítima e á prevención da contaminación, como medio eficaz para evitar sinistros marítimos e contaminar o mar.

A formación prioritaria na posta ao día dos traballadores céntrase na seguridade da vida no mar e a saúde laboral no traballo marítimo; na prevención e a loita contra a contaminación e o medio ambiente mariño; nas tecnoloxías do buque, o frío, a climatización, a electricidade e a electrónica; no mantemento do buque e máquinas; nas tecnoloxías da información e nas titulacións profesionais.

A característica sinalada de illamento no traballo marítimo obriga a unha formación práctica para a adquisición de destreza en actividades, que noutros sectores produtivos en terra contan con profesionais específicos, como a loita contra-incendios.

Os Centros Nacionais de Formación Marítima de Bamio (Dirección Provincial de Vilagarcía) e Isla Cristina (Dirección Provincial de Huelva) que dispoñen de residencia de alumnos e contan con tecnoloxías, simuladores, instalacións e recursos formativos para atender a demanda nacional que, por complexidade ou necesidade, recursos e instalacións, non pode ser impartida nas Direccións Provinciais.

Teñen unha especial proxección os programas formativos e de cooperación técnica internacional, destacando os que se refiren a África e Iberoamérica en colaboración coa Organización Internacional do Traballo e a Axencia Española de Cooperación Internacional.

Desemprego

O Instituto Social da Mariña, unha vez transferidas ás Comunidades Autónomas as políticas activas de emprego no sector marítimo, xestiona, en colaboración co Servizo Público de Emprego Estatal, as prestacións por desemprego dos traballadores do mar.

En colaboración co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio xestiona e tramita as axudas por paro biolóxico ou por suspensión das campañas de capturas de determinadas especies.

7.2 Medios de relación co cidadán

7.2.1 Atención telemática

7.2.1.1 O portal da Seguridade Social

Nos últimos anos a Seguridade Social adaptouse á aparición das novas tecnoloxías e ao auxe dos servizos por vía telemática co nacemento, en marzo de 2002, e posterior desenvolvemento da súa páxina Web, <http://www.seg-social.es>, e a constante incorporación e optimización de servizos vía Internet, recibindo diversos recoñecementos e premios internacionais.

A páxina Web está estruturada sobre tres eixos fundamentais: Traballadores, Pensionistas e Empresarios.

Conta, tamén, cunha sección denominada "Formularios e Modelos" con aqueles necesarios para as relacións dos cidadáns coa Seguridade Social, e entre outras, unha sección onde se presenta de forma sinxela e organizada toda a información relevante sobre "Trámites e Xestións".

Os cidadáns poden formular peticións de información xeral utilizando a entrada "Consultas / Caixa de correo de consultas".

Accesibilidade

A páxina Web pode consultarse en todas as linguas oficiais do Estado, así como en inglés e francés, contando ademais con todos os requisitos de accesibilidade, como certificaron tanto o Observatorio de Infoaccesibilidade Discapnet, como o premio TAW á accesibilidade Web, concedido no ano 2005, polo esforzo realizado para garantir o acceso de todos os usuarios, con independencia de que teñan algún tipo de discapacidade física o psíquica.

Sede electrónica

Dentro da páxina web inclúense accesos directos á "SEDE ELECTRÓNICA", www.sede.seg-social.gob.es, punto de acceso a trámites persoais para os cidadáns, así como de atención ao usuario a través da que os cidadáns, empresas e colaboradores da Seguridade Social poden obter información e acceder a servizos en liña que viñan realizando de forma presencial. Incorporouse tamén o acceso ao Rexistro electrónico que permite ao cidadán a presentación vía telemática de solicitudes, escritos e comunicacións relativos aos trámites dispoñibles actualmente na Sede. Ademais, publicouse o Taboleiro de Edictos e Anuncios e habilitouse o Servizo de Notificacións Telemáticas Seguras para a xestión das notificacións telemáticas entre os Organismos ou Entidades da Seguridade Social e as empresas e cidadáns. Por outro lado, o acceso aos servizos do sistema RED e cesión de datos para Administracións Públicas mantense dende a páxina web.

Para a utilización destes servizos é necesario nalgúns casos dispoñer de Certificado Dixital ou DNI electrónico, e noutros poderase facer a solicitude sen certificado dixital para o que se require cubrir un formulario de solicitude do informe desexado e que os datos que se fagan constar no formulario coincidan coa base de datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Os informes solicitados sen certificado dixital remitiranse ao domicilio que conste na base de datos da Seguridade Social.

Se o cidadán utiliza un Certificado Dixital accede directamente á información en pantalla e pode imprimila na súa impresora doméstica.

O Certificado dixital permite autenticar e garantir a confidencialidade das comunicacións entre cidadáns, empresas e outras institucións públicas a través das redes abertas de comunicación. Garántese que unicamente o cidadán pode acceder á información evitando suplantacións.

Toda a información para obter un Certificado Dixital atópase na nosa páxina web da Seguridade Social e na súa Sede Electrónica na sección denominada "Certificados dixitais".

A medida que se vaia emitindo o DNI electrónico estes certificados dixitais deixarán de ser necesarios, xa que o DNI-e incorpora un certificado dixital. O Documento Nacional de Identidade electrónico é o documento que acredita física e dixitalmente a identidade persoal do seu titular.

A súa principal vantaxe é que, ademais de identificar ao usuario perante terceiros, permite a sinatura electrónica. O novo DNI confire seguridade, rapidez, comodidade e a inmediata realización de trámites administrativos e comerciais a través de medios telemáticos.

Os Servizos Persoais sen certificado dixital dispoñibles actualmente na Sede Electrónica, para cidadáns, son os seguintes:

- Autocálculo de convenios especiais
- Cita previa
- Consulta de estado de solicitude de informes
- Informe sobre as bases de cotización
- Informe de bases e cotas ingresadas
- Informe de Situación de cotización/débeda de Traballadores
- Informe de vida laboral
- Reclamacións a Mutuas de Accidentes de Traballo e EP
- Solicitude de xubilación nacional (TESOL Xubilación)
- Solicitude de prestacións nacionais de viuvez, orfandade e auxilio por defunción (TESOL Morte e Supervivencia)
- Solicitude Tarxeta Sanitaria Europea (TSE)
- Vostede mesmo: programa de autocálculo de pensión de xubilación

Os Servizos Persoais sen certificado dixital dispoñibles actualmente, para cidadáns, na Sede Electrónica son os seguintes:

- Acreditación actividade agraria conta propia
- Asignación de número da Seguridade Social
- Solicitude Provisional Substitutivo (CPS)
- Cita previa
- Como vai a miña prestación?
- Comunicación de teléfono e correo electrónico
- Devolución de cotas
- Duplicado de documento de afiliación
- Información de retencións e ingresos a conta do IRPF.
- Información Venda de Inmobles
- Informe de Alta laboral a data concreta
- Informe sobre as bases de cotización
- Informe de bases e cotas ingresadas no exercicio seleccionado
- Informe de datos de identificación e de domicilio
- Informe de situación actual do traballador
- Informe de situación de cotización/débeda traballadores
- Informe de Situación de Empresario Individual
- Informe de Vida Laboral
- Informe de Vida Laboral Acoutado

- Xubilación nacional: solicitude electrónica de xubilación nacional (TESOL Xubilación)
- Maternidade e Paternidade (TESOL)
- Morte e supervivencia nacional: solicitude electrónica de viuvez, orfandade e auxilio por defunción nacionais(TESOL Morte e Supervivencia)
- Percepción de pensións públicas.
- Revalorización de pensións
- Seguimento de impugnacións ante a TGSS.
- Solicitude de cambio de bases de cotización - Autónomos
- Solicitude cambio de domicilio
- Solicitude de alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos
- Solicitude de baixa no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos
- Solicitude de cambio de base de cotización - Convenios Especiais
- Solicitude de domiciliación en conta
- Solicitude de Inscripción e asignación de CCC para empresario individual
- Solicitude de rectificación de Informe de Vida Laboral
- Solicitude de rectificación de Informe de Bases de Cotización

Ademais destes servizos existen outros específicos para empresas e profesionais, Mutuas e Administracións Públicas. Neste último caso, o fin que se persegue é o intercambio de información entre administracións, de maneira que non se requira ao cidadán documentación que xa está en poder das mesmas.

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, establece como un dereito dos cidadáns a relación coas Administracións Públicas por medios electrónicos, e como unha obriga correlativa para as Administracións, obrigándoas a adaptar os seus procedementos.

As tecnoloxías da información e as comunicacións fan posible achegar á Administración ata a sala de estar dos cidadáns, ou ata as oficinas e despachos de empresas e profesionais. Permítenlles relacionarse con elas sen colas nin esperas, valorando o seu tempo.

Ademais facilitan o acceso a aquelas persoas que teñen dificultades por motivos de localización xeográfica, de condicións físicas de mobilidade ou outros condicionantes, dando un paso para facilitar, en igualdade de condicións, a plena integración destas persoas na vida pública, social, laboral e cultural.

Séguese a traballar tanto nos contidos como na accesibilidade para chegar cada día a un número maior de cidadáns e foise pioneiro no uso da Administración electrónica, intentando estar á altura da nosa época para poder ofrecer aos cidadáns as vantaxes e posibilidades que ten a sociedade da información.

7.2.1.2 O sistema RED

O Sistema RED é un servizo que ofrece a TGSS a empresas, agrupacións de empresas e profesionais, cuxa misión é permitir o intercambio de información e documentos entre a TGSS e os usuarios a través de Internet.

Mediante este procedemento, os usuarios poden entrar en contacto directo coa TGSS, accedendo así aos datos de empresa e traballadores, e remitirille, por vía telemática, os documentos de cotización e afiliación e os partes médicos de baixa, sen necesidade de desprazamento físico ás oficinas e sen límite horario, e evitando o uso de papel.

Os ámbitos de actuación son os seguintes:

- Afiliación: altas, baixas e variacións de datos de traballadores, así como consultas e petición de informes relativos a traballadores e empresas.
- Cotización: presentación de documentos (Relación nominal de traballadores), tramitación de saldos acredores, e ingreso das cotas mediante domiciliación en conta ou pagamento electrónico.
- Tramitación dos partes de alta e baixa médica de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais, así como os partes de confirmación, ao Instituto Nacional da Seguridade.

O sistema ofrece información xeral e particular para a incorporación ao Sistema RED, así como apoio e formación teórico práctica.

Ponse a disposición dos usuarios un sistema de atención e xestión telefónica mediante un único número telefónico a nivel nacional, con atención personalizada de 8 a 20 horas, así como a posibilidade de remisión electrónica de documentos as 24 horas do día, todos os días do ano e a conexión en liña á base de datos da Seguridade Social en horario de 8 a 20 horas, en días laborables.

RED Directo é un servizo que ofrece a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a pequenas empresas con 15 ou menos traballadores, a través de Internet utilizando a páxina web da Seguridade Social.

- A finalidade pretendida co Sistema RED Directo é similar ao Sistema RED normal: eliminar a xestión administrativa en papel, logrando facilitar e axilizar a relación das empresas coa TGSS, sen ter que desprazarse ás oficinas e administracións deste organismo. O RED Directo ten, ademais, un plus: a presentación dos documentos de cotización realízase utilizando, para cubrilos, os datos de afiliación de que xa dispón a TGSS, co cal se evitan erros e se mantén unha permanente revisión e control dos mesmos.

Ao Sistema RED Directo accédese dun xeito diferente en función do Certificado Dixital co que se vaia traballar:

- Con certificado Silcon, accédese a RED Directo a través da páxina web www.seg-social.es, dende o literal "Acceso Sistema RED en liña" en "A un clic".
- Con DNI electrónico accédese a RED Directo a través do seguinte enderezo: <https://w2.seg-social.es/fs/indexframes7w.html>.

A TGSS e o usuario comunícanse, neste Sistema, a través de mensaxes que se envían a este, a unha caixa de correo persoal ao que o usuario se conecta directamente a través de Internet.

A través do Sistema RED Directo pódense utilizar as mesmas funcionalidades que co Sistema RED ordinario, en materia de afiliación e cotización, aínda que sempre de forma directa ou "en liña". Ademais, permítese a remisión dos partes de baixas médicas, altas e confirmación, derivadas de continxencias comúns e de continxencias profesionais, tanto se estas continxencias as teñen cubertas polo INSS ou por unha Mutua:

Desta forma, os partes remitidos mediante RED Directo, e validados e aceptados polo INSS, dispensarán ás empresas do trámite de presentación vía papel deste documento ante calquera CAISS (Centro de Atención e Información da Seguridade Social) ou Dirección Provincial do INSS.

7.2.2 Atención telefónica

7.2.2.1 Os servizos de xestión e atención telefónica

Os servizos de Xestión e Atención Telefónica teñen como obxectivo acercar ao cidadán a información e xestión da Seguridade Social, evitando desprazamentos e esperas innecesarias, a través da comunicación telefónica.

O seu deseño pretende responder ás necesidades e requirimentos de calquera xestión e información de empresas, traballadores por conta propia ou autónomos e ás demandas de información ou documentación dos traballadores por conta allea.

Tesourería Xeral da Seguridade Social

No caso da TGSS, o acceso telefónico ten lugar a través dun único número, **901 50 20 50**, que ofrece, tras chamar, a posibilidade de elixir entre 4 opcións, as cales se poden ampliar en función de novas necesidades que vaian xurdindo:

- Opción 1: Solicitud de Informes de Vida Laboral.
- Opción 2: Sistema Red (Remisión Electrónica de Documentos).
 - o 2.1 Incidencia certificado dixital, instalación de software e comunicacións
 - o 2.2 Incidencias partes de Incapacidade Temporal.
 - o 2.3 Consultas ou información.
- Opción 3: Información xeral da TGSS.
- Opción 4: Información ou consultas sobre Campañas de Vida Laboral e Bases de Cotización.

O horario de atención é de luns a venres, de 9 a 14 horas e de 16 a 18 horas de luns a xoves e os venres de 9 a 14 horas. As chamadas que se producen fóra de horario ou non son atendidas por saturación dos axentes, recóllense nunha caixa de correo de voz para a súa posterior devolución e solución. Polo tanto, os cidadáns poden chamar as 24 horas do día, todos os días do ano.

A continuación, relaciónanse os servizos ofrecidos a través do 901 50 20 50 en cada unha das áreas temáticas nas que se divide a atención telefónica:

Campañas de Vidas Laborais e Bases de Cotización

- Anualmente, a Tesourería Xeral da Seguridade Social envía a información laboral dos traballadores (Vida Laboral e Bases de Cotización), a todos os cidadáns que, nalgún momento do ano anterior, tivesen unha situación de alta nalgún dos Réximes do Sistema de Seguridade Social.
- Mediante este servizo de atención telefónica, os cidadáns poden, ademais de recibir información de carácter xeral sobre esta campaña, presentar incidencias e resolver as súas dúbidas respecto á información laboral remitida.

Solicitud de Informes de Vida Laboral

- Calquera cidadán pode solicitar o seu Informe de Vida Laboral, que será remitido, vía correo ordinario, ao seu domicilio. En caso de que os datos persoais do

cidadán non se atopen actualizados, enviarase un formulario de actualización de datos para cubrir e posterior reenvío á TGSS. Finalmente, e unha vez fosen actualizados, a TGSS procederá a remitir o informe de Vida Laboral correspondente.

Sistema RED

- Dá soporte aos usuarios do Sistema RED, nos temas referentes a autorizacións, funcionalidades e uso do sistema.
- Resólvense as incidencias técnico-informáticas formuladas por estes usuarios.
- Resolución de dúbidas e incidencias relacionadas coa tramitación de partes de Incapacidade Temporal e Enfermidade Profesional a través do Sistema RED.

Outra información

- Información xeral sobre as materias que a TGSS ten atribuídas.
- Emisión e remisión de certificados e informes.
- Facilitar o trámite de diversas xestións.

Instituto Nacional da Seguridade Social

O servizo de atención telefónica ofrécese a través do teléfono gratuíto **900 16 65 65**, través do que os cidadáns poden obter información de carácter xeral e persoal (previa superación do correspondente protocolo de comprobación de identidade) sobre o recoñecemento e trámite das prestacións sometidas a lexislación nacional, como ao amparo da normativa internacional: Regulamentos Comunitarios e Convenios Bilaterais en materia de Seguridade Social. Requisitos para a obtención da tarxeta sanitaria europea. Datos para a emisión de certificados. Cita previa...

Pódese contactar coa liña 900 16 65 65 de forma gratuíta dende calquera lugar do territorio. O horario de atención é de 9:00h a 20:00h, de luns a venres.

7.2.2.2 Confidencialidade

Ao tratarse dunha atención e xestión realizada a través do teléfono, cóidase escrupulosamente asegurar a confidencialidade dos datos persoais e o dereito á intimidade dos cidadáns.

A responsabilidade de manter a confidencialidade dos seus datos condiciona que todos os informes e documentos se envíen unicamente a nome e ao domicilio dos titulares que constan nos rexistros da Seguridade Social. De non coincidir os datos indicados cos existentes nas nosas bases de datos, envíase un impreso sen custo para os interesados, no que, de forma sinxela poden actualizalos.

Unha vez asegurada a identidade do solicitante aténdese a súa petición e remítese ao seu domicilio a documentación correspondente.

7.2.3 Atención presencial

7.2.3.1 Introducción

A Administración da Seguridade Social considera fundamental o trato que se ofrece ao cidadán. Esa importancia levou, co obxectivo de mellorar a mesma, que se presentase a necesidade de desenvolver unha estratexia global na canle de atención presencial co fin de que cando o cidadán visite as oficinas, a súa percepción sexa o máis positiva posible.

Para iso é preciso potenciar todos os elementos que axudan a que os centros de atención ao público incrementen a súa imaxe favorable e establecer principios de calidade que informen a atención presencial.

Por outra parte a atención presencial que presta a Seguridade Social ao cidadán é moi diversa segundo o ámbito competencial de cada entidade. Ten unas peculiaridades moi definidas:

- o número de persoas atendidas é elevado;
- realízanse actos de xestión (como reclamar débedas) que non favorecen inmediatamente aos interesados;
- a información que manexa o persoal que atende ao público é moi complexa, tendéndose á polivalencia das persoas; e, por último,
- a amplitude e indeterminación dos termos cos que se identifica a competencia da Seguridade Social fai que se atendan a persoas que veñen a resolver trámites que non son xestionados pola mesma.

No contexto actual de adaptación da Administración Pública aos retos novos que se lle presentan, os conceptos de calidade, mellora dos servizos, modernización e proximidade aos cidadáns adquiren gran importancia. A Administración Pública, e dentro dela, a Seguridade Social está abocada a afrontar o reto de mellorar as canles de atención ao cidadán.

Neste sentido a experiencia acumulada na atención presencial amosa que as principais demandas dos cidadáns son:

- a atención inmediata;
- a axilidade no momento da atención;
- a resolución nun prazo breve de tempo, e
- o trato personalizado.

A atención presencial na Seguridade Social estrutúrase sobre unha rede de oficinas de ámbito local ou comarcal que cobre todo o territorio español. Esta rede está composta, ao 1 de xaneiro de 2011, por máis de 1000 centros de atención ao público que se reparten do seguinte modo:

- 438 Centros de Atención e Información do INSS (CAISS); dos que 111 son urbanos e 327 comarcais.
- 104 Direccións Locais do ISM.
- 255 Administracións TGSS e 277 Unidades de Recadación Executiva non integradas nunha Administración TGSS.

Esta ampla rede supón cumprir o principio de proximidade e inmediatez na prestación dos servizos como requisito da excelencia (no sentido de xestión da calidade) na atención ao público no que se fundamentaba a existencia das Direccións Provinciais de cada organismo da Seguridade Social.

7.2.3.2 Os servizos presenciais

Na rede local da Seguridade Social préstanse, resumidamente, os seguintes servizos aos cidadáns:

TGSS

- Inscripción e Afiliación:
 - Obtención do Número da Seguridade Social / Afiliación.
 - Inscripción de empresarios na Seguridade Social.
 - Alta, Baixa e Variación de Datos dos traballadores.
 - Convenios especiais.
- Cotización/ Recadación:
 - Recadación en vía voluntaria e en vía executiva.
 - Aprazamento de débeda.
- Certificados dixitais (SILCON/2-CA)

INSS

- Prestacións/Pensións:
 - De Incapacidade Temporal ou Permanente para o traballo.
 - De maternidade ou paternidade.
 - De risco durante o embarazo ou lactación.
 - De Xubilación, Viuvez e Supervivencia.
 - Familiares.
 - Seguro Escolar; SOVI e Asistencia Sanitaria.

ISM

- Xestión do Réxime Especial dos Traballadores do Mar:
 - Prestacións.
 - Inscripción.
 - Afiliación.
 - Cotizacións, etc.
- Servizos específicos prestados ao sector marítimo pesqueiro:
 - Sanidade Marítima.
 - Formación.
 - Programas sociais.
 - Emprego e desemprego.

7.2.3.3 As oficinas de atención presencial

Nos últimos anos a Seguridade Social vén realizando un importante esforzo pola modernización das súas oficinas, tanto a nivel de Direccións Provinciais como da Rede Local. Este esforzo véñse financiando a través da amortización do patrimonio inmobiliario da propia Seguridade Social.

Froito desta renovación é a creación de Oficinas Integrais da Seguridade Social que responden aos estándares establecidos de calidade relativos á atención presencial como:

- Sinalización homoxénea e imaxe corporativa.
- Organización da oficina de cara ás necesidades do público (accesibilidade).
- Mellora dos medios e soportes materiais de información.
- Creación de áreas de espera de atención adecuadas.
- Mellora dos estándares de seguridade e prevención laboral.

7.2.3.4 Os recursos tecnolóxicos

Para a mellora da calidade da atención presencial véñense contemplando tres ferramentas de apoio: os sistemas dinámicos de ordenación e xestión da atención presencial, a Cita Previa e as Pantallas informativas (cada un con distintos niveis de implantación e distribución actualmente). Deles o máis estendido, con moita diferenza, na Rede Local é o primeiro.

Este sistema dinámico de xestión de atención presencial consiste en que os funcionarios poidan atender (sen moverse da súa mesa) a calquera cliente dos diferentes grupos de demanda de servizo e permiten entregar un número á entrada a cada cidadán independentemente do trámite que necesite realizar e a situación deste en distintos postos.

O sistema tamén permite:

- Presentar datos estatísticos consolidados de toda a rede, informando sobre volumes de xestión e grao de cumprimento dos obxectivos comprometidos nas Cartas de Servizos.
- Visualizar en tempo real dende calquera posto da rede toda a xestión da atención presencial: volume de clientes que están a esperar ser atendidos; tempos medios e máximos de esperas e de atención; que estándares realiza cada funcionario que atende ao público ou cada servizo.
- Elaborar informes mensuais de seguimento da atención presencial.

Dende o punto de vista da oficina de atención presencial e a súa organización, o sistema distingue entre demandas de servizo que poden ser atendidas con relativa rapidez (por ex. menos de 5 minutos de tempo de espera) e demandas que requiren, pola súa natureza e contido, empregar un maior tempo para ser atendidas.

Por iso este sistema foise constituíndo progresivamente no indicador fundamental no control, seguimento e establecemento de estándares e compromisos de calidade na atención presencial na Seguridade Social estando implantado de forma maioritaria nas oficinas locais da TGSS e INSS.

Un dos obxectivos fundamentais para lograr unha boa atención presencial é garantir ao cidadán/cliente, na medida que sexa posible, que o seu tempo é tamén moi importante para a Seguridade Social (como Administración áxil e moderna que aspira a ser referente dentro da Administración Pública). Xa que dentro dos índices de percepción polo cidadán da calidade na atención presencial ten gran importancia a avaliación dos tempos de espera.

Pero este compromiso non basta, no mundo actual, senón que a denominada canle de atención presencial ou personalizada debe ser completada mediante o establecemento de canles alternativas e complementarias de atención ao público: Servizo de Atención Telefónica integral ou a Sede Electrónica a través de Internet.

7.3 O factor humano

Un aspecto esencial na calidade da prestación do servizo de atención ao cidadán constitúeno as persoas que traballan nesta área.

Prestar un servizo de información con calidade supón un gran esforzo dende o punto de vista dos coñecementos específicos das materias obxecto do traballo e tamén no que se refire ás habilidades emocionais e sociais que deben desenvolver. Destacando dende este punto de vista a crecente importancia do traballo en equipo e da formación profesional continua.

7.4 A calidade nos servizos

A Seguridade Social está a desenvolver nos últimos anos unha política de xestión da calidade e despregando accións concretas, como as Cartas de Servizo nos que as entidades desenvolven tanto os compromisos de calidade que asumen con respecto á prestación dos seus servizos como os indicadores para a avaliación da calidade e seguimento dos mesmos.

Así mesmo, promóvese a calidade do servizo que se presta e a mellora continua en todas as áreas de actuación. Isto afróntase mediante a implantación de políticas de calidade e a aplicación, desenvolvemento e despregamento do modelo europeo de xestión da calidade (EFQM) a través da realización de autoavaliacións en cada unha das Entidades, de acordo co modelo EVAM, así como a implementación de normas ISO todo iso co obxectivo da posta en marcha de accións de mellora que resultan destes procesos.

Todo iso implica desenvolver unha estratexia de adaptación e anticipación aos cambios e demandas sociais mediante a innovación tecnolóxica e a mellora do servizo; xunto co fomento da participación e colaboración con outros organismos públicos e privados así como implantar servizos baseados en procedementos sinxelos e facilmente comprensibles.

7.5 A participación dos cidadáns na mellora dos servizos

Os cidadáns poden colaborar na mellora dos servizos que ofrece a Administración da Seguridade Social a través de:

- As enquisas e cuestionarios que se realizan de forma periódica.
- As caixas de correo de suxestións e consultas.
- As queixas e suxestións.

Como concreción dos principios de transparencia e participación e co fin de coñecer a opinión dos cidadáns sobre a atención recibida, viñéronse implantando cuestionarios de avaliación que están situados na atención presencial na zona de atención ao público en lugar visible e accesible ou se envían ao domicilio do cidadán. Os comentarios dos cidadáns supoñen unha fonte de coñecemento da súa opinión respecto da atención que lles presta a Seguridade Social en orde a conseguir que os servizos se ofrezan de forma xenérica conforme aos compromisos de calidade fixados nas Cartas de Servizos.

Mediante a presentación de opinións e suxestións que se poden depositar nas caixas de correo existentes na sede da Dirección Provincial e en cada unha das Oficinas de atención presencial ou ben mediante solicitudes de información xeral que se realicen na entrada “Consultas / Caixa de correo de consultas” da páxina www.seg-social.es, se ben as respostas facilitadas a través da caixa de correo, terán carácter unicamente informativo e non terán efectos vinculantes para a Administración. Por razóns de confidencialidade, non se facilitarán datos persoais dende esta caixa do correo.

O sistema de queixas e suxestións utilízase para recoller as manifestacións de insatisfacción dos usuarios cos servizos recibidos e as iniciativas para a mellora da súa calidade.

- As suxestións e queixas poderán realizarse de forma presencial, por correo postal ou por medio do formulario electrónico situado na sección “Suxestións e queixas” na páxina web e a Sede Electrónica da Seguridade Social.

Se as suxestións e queixas se realizan de forma presencial, o usuario encherá e asinará o formulario establecido e poderá solicitar a axuda dos funcionarios.

- Nas dependencias e oficinas das Entidades existe un lugar no que os usuarios poderán presentar as súas suxestións e queixas que estará sinalizado de forma visible e será de fácil acceso.
- Formulada a suxestión e queixa, o usuario recibirá constancia da súa presentación.
- A unidade responsable da tramitación deberá informar ao interesado das actuacións realizadas e, no seu caso, das medidas adoptadas, no prazo máximo dos 20 días hábiles seguintes á data da súa presentación. Este prazo poderá suspenderse cando sexa preciso solicitar ao interesado as aclaracións necesarias para a correcta resolución.
- Se o interesado non obtivese resposta transcorrido este prazo, poderá dirixirse á Inspección de Servizos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, para coñecer os motivos da falta de contestación.

A presentación de calquera suxestión e queixa non terá a cualificación de recurso administrativo, non interromperá os prazos establecidos no procedemento ao que puidese afectar, nin condicionará o exercicio das restantes accións ou dereitos dos interesados.

7.6 Medidas que aseguran a igualdade de xénero, facilitar o acceso e mellorar as condicións da prestación do servizo da Seguridade Social

A Seguridade Social adopta continuamente medidas para asegurar a igualdade de xénero entre mulleres e homes. Para alcanzar este obxectivo analiza e corrixe as actuacións e condutas que impidan ou dificulten o respecto ao principio de igualdade de trato entre homes e mulleres. Redacta as comunicacións escritas cunha linguaxe clara, directa, comprensible e non sexista.

Para facilitar o acceso aos servizos das persoas con limitacións de mobilidade elimina as barreiras arquitectónicas. O deseño das súas oficinas é funcional, sinxelo e cómodo.

As súas oficinas reúnen as condicións ambientais, materiais e espaciais que facilitan un ambiente adecuado para a comunicación co cidadán.